

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN
do 25 de febreiro de 2016

ACTA Nº 2/2016

Na Casa do Concello de Muros, ás vinte horas e trinta minutos do día vinte e cinco de febreiro do ano dous mil dezaseis, reúnese o Pleno da corporación en primeira convocatoria da sesión ordinaria.

PERSOAS ASISTENTES

Alcaldesa: D^a María Xosé Alfonso Torres

Concelleiros/as:

D. José Manuel Quintela Fernández
D. José Antonio Uhía Martínez
D^a María Inés Monteagudo Romero
D. José Vázquez Rama
D^a Alianza Uhía Patiño
D. José Ángel Hermida Simil
D^a Caridad González Cerviño
D^a Sandra Maneiro Pais
D. Enrique Riomayor Caamaño
D. Manuel María García Fernández
D^a Paula Simal Mayo

Secretario: D. Luís Alberto Gil García

ORDE DO DÍA

A.-.- Parte Dispositiva.

- 1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR (28.01.2016).**
- 2.- TOMA DE COÑECEMENTO DA RENUNCIA DO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE, D. MANUEL BARTOLOMÉ FREIRE EIRAS.**
- 3.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DO USO DO GALEGO DO CONCELLO DE MUROS.**
- 4.- RATIFICACIÓN DO ACORDO DA XGL DO 4 DE FEBREIRO DE 2016 DE APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO “MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS HIDRÁULICAS NA ROCHA. PARROQUIA DE SERRES” INDLUÍDO NO POS/2016.**

5.- DECLARACIÓN DA CADUCIDADE DO PROCEDEMENTO DE DECLARACIÓN DE NULIDADE DO EDICTO DE CORRECCIÓN DE ERROS DO DOCUMENTO DE APROBACIÓN DO PXOM E INICIO DUN NOVO PROCEDEMENTO.

6.- APROBACIÓN DE RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO (Ref. 01/2016).

7.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DA MULLER.

8.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

B .-Parte de control dos órganos de goberno.

9.- MOCIÓNS DE URXENCIA.

10.- ROGOS E PREGUNTAS.

A.- .- Parte Dispositiva.

A Sra. alcaldesa toma a palabra para dar inicio á sesión plenaria.

1 .- APROBACIÓN DA/S ACTA/S DA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES (28.01.2016).

A Sra. alcaldesa pregunta aos grupos se teñen algo que dicir sobre a acta do 28.01.2016 e ao contestaren todos os concelleiros e concelleiras que non, procede á votación.

A acta do 28 de xaneiro de 2016 queda aprobada por unanimidade.

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DA RENUNCIA DO CONCELEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE, D. MANUEL BARTOLOMÉ FREIRE EIRAS.

A Sra. alcaldesa di que o 29 de xaneiro o concelleiro da corporación D. Manuel Bartolomé Freire Eiras presenta a súa renuncia por motivos laborais, do que se dá conta para, despois de certificar a toma de coñecemento por parte do Pleno remitir un certificado á Xunta Electoral Central e solicitar a credencial correspondente para a toma de posesión do/a novo/a concelleiro/a.

A portavoz socialista, a Sra. González, pregunta se aínda non se fixo ningún trámite coa Xunta Electoral Central.

A Sra. alcaldesa di que non, que hai que mandar un certificado da toma de coñecemento por parte do Pleno, e a Sra. González di que non é certo, que sempre no mesmo Pleno no que se toma coñecemento da renuncia dun/ha concelleiro/a ten que tomar posesión o/a novo/a. Que sempre se fixo así.

Continúa a Sra. alcaldesa dicindo, con respecto ao trámite a seguir, que non se pode tramitar a toma de posesión dun novo/a concelleiro/a ata a toma de coñecemento do Pleno da renuncia do/a anterior e que incluso ata a toma de coñecemento por parte do Pleno o/a concelleiro/a pode reconsiderar a súa renuncia. Que a solicitude de renuncia do concelleiro se presentou o día seguinte do anterior Pleno. Que o secretario consultou e se ten que facer así.

A Sra. González pide que o secretario faga un informe.

Na rolda de intervencións a voceira popular Sra. Monteagudo comeza a súa intervención dicindo que agradece ao concelleiro os seus servizos e deséxalle moita sorte.

A Sra. González reitera o dito, e que por suposto tamén agradece ao concelleiro e compañeiro o seu labor. Que sempre se fixo así, que está nas actas dos Plenos, que era o primeiro punto da orde do día e no mesmo Pleno no que se tomaba coñecemento da renuncia dun/ha concelleiro/a, se nomeaba ao/á seguinte. Que é preceptivo que se dea coñecemento ao Pleno antes da toma de posesión dun/ha novo/a concelleiro/a pero que non é preceptivo facelo antes de mandar á Xunta Electoral a petición da nova credencial. Que se comprobaban as actas de Plenos anteriores que se daba conta ao Pleno e inmediatamente, para non vulnerar os dereitos fundamentais dos concelleiros e concelleiras e da vila de Muros, tomábase posesión. E pide que conste en acta a súa queixa.

O voceiro do BNG, Sr. García, di que tiña constancia de que se tiña feito así algunha vez. Tamén lle desexa moita sorte ao Sr. Freire Eiras na súa nova etapa laboral e que a nova concelleira se poida incorporar canto antes para que o Pleno estea constituído con todas as persoas integrantes e se traballe con normalidade.

A Sra. alcaldesa reitera o dito sobre a tramitación e igualmente lle desexa boa sorte ao concelleiro e agradécelle os seus servizos prestados.

Acordo:

O Pleno da Corporación de Muros toma coñecemento da renuncia do concelleiro desta Corporación presentada por D. Manuel Bartolomé Freire Eiras, titular do DNI: 78.784.619 M, pertencente ao grupo municipal do PSdeG-PSOE.

3.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DO USO DO GALEGO DO CONCELLO DE MUROS.

A Sra. alcaldesa explica que o regulamento do uso do galego do Concello de Muros foi aprobado por unanimidade no ano 2001 e en abril de 2013 aprobarase unha modificación que o que facía era eliminar o seu carácter preferente e dá lectura á proposta:

“Colleuse como base o Regulamento do uso do galego do Concello de Muros aprobado por unanimidade no 2001 polo Concello de Muros.

Cando se publicou o regulamento non existía o Servizo de Normalización Lingüística no Concello de Muros (ano de creación: 2003) polo que se engadiron as funcións do servizo, así coma a revisións que se deben realizar desde este servizo. (Moi importante tendo en conta que o Concello ten aprobado un regulamento de uso do galego desde o ano 2001)

Servizo de Normalización Lingüística: explícanse as funcións que ten o servizo con respecto a todos os escritos e publicacións realizadas no Concello, xa que este debería ser un exemplo de corrección lingüística de cara a sociedade.

Topónimos: actualizouse o apartado segundo os criterios establecidos pola Comisión de Toponimia no 2002 e segundo o establecido pola ONU no caso de optar por un topónimo honorífico ou conmemorativo no 2003.

Linguaxe inclusiva e non sexista: é un tema moi importante a día de hoxe, o non utilizar unha linguaxe sexistas desde a administración, e por qué deberíamos utilizar a linguaxe non sexista, pois polos seguintes criterios: para dar visibilidade ao 50% da poboación, sexa cal sexa o sexo que se vexa implicado neste proceso de ocultación; e para solucionar problemas de ambigüidade na comunicación.

Tamén se actualizou o regulamento con respecto á atención ao público mediante mecanismos automáticos, tales como contestadores de teléfonos ou outros medios telefónicos ou informáticos que deberían estar en galego.”

Dá paso ás intervencións:

A voceira do Partido Popular comeza a súa intervención dicindo que entenden que a modificación do regulamento do ano 2001 se enmarca en incluír determinados supostos que non se contemplaban e entenden ademais que se enmarca no anuncio que o equipo de goberno fixo na última sesión do Pleno, cando preguntaron pola execución do acordo de baixada do IBI e se lles indicou que se estaban a revisar varias ordenanzas e comenta varias cousas: que lles parece ben que se actualice o regulamento do ano 2001, adaptándoo ás novas tecnoloxías e formas de comunicación, pero que pensan que non é unha cuestión prioritaria, posto que a utilización do galego está normalizada no Concello, aínda que poida admitir melloras. Di que unha vez máis o goberno de CxG actúa pola súa conta e sen ter en conta os acordos do Pleno e prioriza actuacións de cara á galería. Que é unha evidencia que neste Concello o galego é a lingua de comunicación habitual coa veciñanza e outras administracións dende hai anos, aínda que se deran incidentes puntuais nos mandatos do PSOE, polo que o que se presenta non é máis que unha actuación cosmética e máis tendo en conta que non vai acompañado dunha memoria económica que avalíe os custos que vai xerar a implantación desta actualización ou normalización e que tampouco se explique como se vai implantar o disposto nela, como por exemplo no artigo 10.10 no que indica que *“Todas aquelas actividades comunicativas, culturais, deportivas, divulgativas, etc...organizados por outras entidades, será requisito que se desenvolvan, en xeral, en lingua galega.”* E pregunta se significa que se vai prohibir ou denegar autorización ás entidades que realicen actividades no Concello, senón se fan en galego.

Continúa dicindo que hai uns días celebraban o día da “lingua nai” e que onte mesmo se dedicou o día a Rosalía de Castro, conmemorando a data do seu nacemento. Que a eles lles parece ben que se fomente e facilite o uso do galego, e que é máis, que avogan para que esa normalización se estenda a outros ámbitos municipais, como a normalización das instalacións deportivas, as de recollida de lixo, iluminación pública, estacións de bombeo ou o cumprimento dos acordos do Pleno, que si están necesitados de normalización.

Pregunta á Sra. Alfonso se existe algún estudo económico sobre os custos da implantación desta actualización da norma. Que polo que eles saben o Servizo de Normalización conta unicamente cunha técnica, que terá que revisar todas as publicacións, escritos, comunicacións, letreiros, anuncios, contratos... e pregunta se se ten pensado reforzar ese servizo ou se se vai externalizar dalgunha maneira. Que cómo se vai afrontar a carga de traballo que supoñen as funcións asignadas ao Servizo de Normalización, que segundo se indica no artigo 18 serán as xerais, as de dinamización sociolingüística, formación sociolingüística e asesoramento lingüístico, e ademais segundo os artigos 23 e 24, terá que formar parte dos tribunais nos procesos de selección e desenvolver programas de formación. Que cómo se vai afrontar os custos de tradución de documentos públicos ou privados.

Continúa a súa intervención e di que por outro lado o artigo 16.5 *de topónimos honoríficos ou corporativos* parece ter mellor cabida nun regulamento de honores e distincións, e que pensan que tamén xa existe no Concello.

Remata dicindo que esperan as aclaración da Alcaldía a estas cuestións.

A voceira do PSdeG- PSOE comeza a súa intervención e di que o regulamento do uso do galego, que existe no Concello desde o ano 2001 foi aprobado polo partido Socialista, e que existe un Servizo de Normalización Lingüística, que tamén foi aprobado e creado polo partido Socialista e que vista a proposta que fan desde o grupo de goberno, que hai cousas que poderían estar ben e outras que non lle cadran e que están incluso raiando a legalidade.

Explica que o informe de Secretaría, onde en lexislación aplicable basease na Lei 3/1983, de 15 de xuño de normalización lingüística, na Lei 5/1988, de 21 de xuño, do uso do galego como lingua oficial de Galicia polas entidades locais, e na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladoras das bases de réxime local, e que lles sorprende moitísimo, moitísimo que nese informe non se faga ningunha referencia á Constitución española,

porque aínda que saben que para os/as nacionalistas non existe, que para eles é fundamental guiarse pola Constitución, que é a nosa nai, e que todo debería partir dela e que di: “*Que España se constituye en un estado social y democrático de derecho que propugna como valores superiores de su ordenamiento jurídico la libertad, la justicia, la igualdad y el pluralismo político.*” E que no seu artigo 3 di literalmente: “*El castellano es la lengua española oficial del Estado. Todos los españoles tienen el deber de conocerla y el derecho de usarla. Las demás lenguas españolas serán también oficiales en las respectivas Comunidades Autónomas de acuerdo con sus Estatutos.*”

Continúa dicindo que eles interpretan que non se lle pode prohibir a ninguén falar castelán e que se volven aos tempos de antes, cando era obrigatorio falar castelán e agora vai ser obrigatorio falar o galego, e que é anticonstitucional, aínda que o Sr. secretario se esquecera de poñelo no seu informe.

Que lle parece que hai cousas que cumpren e outras non. Que lles parece ben o dos topónimos, aproveitar que hai unha normalizadora lingüística para traducir os documentos, e que non lle parece ben que se prohiba falar o castelán e que non se lle dea oportunidade á xente de falar como queira, por exemplo, no artigo 8 do uso externo do galego di: “*A atención ao público mediante mecanismos automáticos, tales como contestadores de teléfonos ou outros medios telefónicos ou informáticos, usarán por defecto e de entrada o galego.*”, polo que a xente que chama ao Concello non terá a oportunidade de elixir, cando a maquiñiña debería primeiro preguntar. O disposto no presente artigo tamén é de aplicación para as empresas ou entidades que presten servizos municipais por concesión, arrendamento, concerto ou contrato. Que, como dicía a voceira popular sobre que “*Todas aquellas actividades comunicativas, culturales, deportivas, divulgativas, etc...organizados por otras entidades, será requisito que se desarrollan, en xeral, en lengua galega.*”, que iso non se pode poñer, que non se pode prohibir, nin a xente que se quere expresar en castelán e tampouco a xente que se quere expresar en galego. Que por exemplo o contestador non pode estar simplemente en galego porque vai contra a Constitución. Que os escritos teñen que estar nas dúas linguas, e non o recolle o regulamento, que pon todo o contrario, e que logo recorta dereitos á veciñanza de Muros, xa que o artigo 12 no punto 3 di: “*Para que o Concello de Muros colabore en actividades comunicativas, culturales, deportivas, divulgativas, etc. organizadas por otras entidades será requisito que estas se desarrollan, en xeral, en lengua galega.*” Que isto non se pode facer porque o Concello de Muros non lle pode recortar a posibilidade de intervenir en calquera concurso, programa ou oferta (pon como exemplo que o goberno central mande unha proposta de subvención e que segundo o regulamento non se pode aceptar porque non vén en galego). Que se sae unha aprobación, supoñen que pasará un filtro para saber se é constitucional. Que a eles lles parece ben se se depura. Que hai cousas que lle parece ben, pero que o que fale en galego teña máis ou menos dereito, non pode ser, que tampouco os que falen castelán ou ruso teñan máis ou menos dereito e que no Estado español, dío a Constitución.

O Sr. García dá comezo á súa intervención dicindo que no BNG están un pouquiño atónitos coa intervención que acaba de facer a portavoz do partido Socialista. Que xogando un pouco ás palabras, que a voceira socialista di que non son nacionalistas, pero que si son nacionalistas españois e eles nacionalistas galegos. Que son nacionalistas españois desde o punto de que están a defender a unidade nacional de España. E que o segundo termo que utilizou “socialista”, que el é socialista e o PSOE desde hai tres décadas deixou de ser socialista, xa desde a transición. Que nacionalistas galegos e socialistas son eles e que os e as do PSOE non teñen moi claro o que son e sobre todo despois dunha intervención tan reaccionaria como a que acaban de facer. Que así entenden o que pasa a nivel de estado, que cheguen a pactos con “*Ciudadanos*”, que tamén é un partido bastante reaccionario, nacionalista español e que deixen de lado outras forzas máis progresistas.

Continúa dicíndolle á voceira socialista que ao principio da lexislatura falaba de facer un pacto de progreso no Concello de Muros e que as políticas do idioma, defender o

noso idioma é o máis progresista que pode haber porque na defensa do débil está o progreso, que ese, ao seu humilde entender, é o que acaba de facer alí a voceira socialista, que é insultante para calquera persoa que dedique tempo a defender ás minorías, ás linguas minoritarias e a defender o galego.

Que centrándose no documento que lles parece ben as achegas que se fixeron e que se adaptara á normativa actual. Que entende que este documento, como outros, estaría ben que puidera ser pactado e facer algunhas modificacións e axustes, o que son cousas que se teñen que mellorar no futuro.

A Sra. alcaldesa dando contestación ás cuestións formuladas di que non hai unha memoria económica porque non hai ningún gasto, polo menos a curto prazo e para a aplicación deste regulamento pois hai un Servizo de Normalización Lingüística xa creado cunha normalizadora lingüística, que está atendendo sen ningún problema todas as necesidades do Concello. Que no momento en que comente que ten dificultades para atender todas as necesidades en materia lingüística pois que entón estudarán se hai que ampliar o servizo ou cómo se fai.

Segue dicindo que nada máis lonxe de que o goberno municipal queira prohibirle a ninguén de falar castelán, que de feito en abril do 2013, tres concelleiros e concelleiras, daquela no grupo mixto, levaron unha proposta ao Pleno porque neste Concello se intentou obrigar á cidadanía do Concello de Muros, nun despacho deste Concello, a falar castelán.

A voceira socialista di que é mentira, e a Sra. alcaldesa rógalle que non interrompa.

Continúa a Sra. alcaldesa dicindo que o representante legal do Concello, nun xuízo, que tamén intentou obrigar a persoas deste Concello a declarar en castelán, que por iso levaron unha proposta a Pleno, para que iso deixara de acontecer. Que o partido Socialista, daquela no goberno, non tivo mellor ocorrencia que ante a súa proposta, levar outra ao Pleno para eliminar o uso preferente do galego no Concello de Muros.

Explica que conta todo iso porque a orixe de todo está precisamente nunha prohibición, pero non para que se falara o castelán senón para que se falara o galego. E insiste en que nada máis lonxe de que a intención do goberno sexa prohibirle a ninguén que fale, nin en galego, nin en castelán. Que entenden que é un deber do goberno municipal de facer todo o posible a favor da normalización da lingua galega, que é unha lingua oficial en Galicia, exactamente igual que o castelán.

Sobre o artigo 12.3 que leu a voceira socialista, que efectivamente di: *“Para que o Concello de Muros colabore en actividades comunicativas, culturais, deportivas, divulgativas, etc. Organizadas por outras entidades será requisito que estas se desenvolvan, en xeral, en lingua galega.”* Que di, en xeral, que esa palabra está para algo. Que entenden teñen o deber de promover a normalización da lingua galega e de axudar, non só a empregar mellor a lingua as persoas do Concello, senón tamén aquelas asociación que organicen algo e o queiran facer en galego, que mentres eles estean no goberno, o Concello lle vai prestar axuda, que para isto existe o Servizo de Normalización Lingüística.

Na segunda intervención a voceira popular dille á Sra. alcaldesa que non lle contestou nada sobre o punto 10.10, e que seguen sen ter nada claro que a aplicación do regulamento non vaia ter ningunha repercusión económica, que fala de rotulacións, contestadores. Que a Sra. alcaldesa coñece ben o problema que teñen na mancomunidade de concellos Serra do Barbanza, que teñen unha empresa que lle esixe que poñan os contestadores en castelán. Que efectivamente no regulamento pon “en xeral”, pero que en ningún lado garante que se poida utilizar calquera lingua oficial, que non o di en ningún sitio e que unha vez consultado que hai moitos outros regulamentos que si o fan constar. Que cre que se se leva o regulamento ao extremo o que nel se pon se pode incorrer en discriminación. Que a discriminación da que a Sra. alcaldesa fala era unha discriminación de facto xa que non estaba recollida en ningún documento. Que pensa que como estaba ata o de agora o regulamento, estaba

perfectamente recollido. Se ademais a Sra. alcaldesa di que o Servizo de Normalización Lingüística está traballando con normalidade, non ve a necesidade de introducir no regulamento determinadas cuestións que lle parecen, cando menos, discutibles.

A voceira socialista di que se o motivo que tivo a Sra. alcaldesa para levar ese regulamento, que non é capaz de defendelo., é cando estiveron no grupo mixto (que tampouco é certo, porque nunca estiveron no grupo mixto senón no grupo de Non Adscritos xa que se tiñan apropiado dos votos do BNG e que xa estiveran noutra ocasión porque os tiñan botado do BNG, pero que iso non é o discurso, que o discurso é que cando falou do artigo número 3 creu que ía a repetir o artigo 3 da Constitución, pero que non. Que volven a repetir o mesmo que antes a pesar de que haxa xente a que non lle guste. Que é unha forma velada de prohibir o uso das dúas linguas. Que se unha persoa de fóra chama e o contestador está só en galego, está a recortar os dereitos desa persoa porque ao non entender ten que coller o coche e vir aquí. Que é certo que eles levaron un regulamento e que en ningún sitio poñía que non se podía falar o galego, que todo contrario. Que o galego non ten dono, que é de todos e todas, que todos e todas teñen a obriga de defendelo e que o defenden pero que non se pode pasar dun extremo a outro. Volve a repetir que a normalizadora lingüística a puxeron eles, que non foi o partido do goberno, nin o PP, nin o BNG, que segundo di o seu voceiro queren ser agora socialistas. Reitera o seu desacordo coa parte onde di: *Para que o Concello de Muros colabore en actividades comunicativas, culturais, deportivas, divulgativas, etc. Organizadas por outras entidades será requisito que estas se desenvolvan, en xeral, en lingua galega.*” Que queren que a xente teña liberdade para falar como queira e que a pesar de que a Sra. alcaldesa di que é verdade, por escrito non o pon. E que o informe de Secretaría di unha cousa e conclúe outra.

Volve a insistir en que desde o partido Socialista o que queren é que non se prohiba falar a xente como queira, independentemente de que se defenda a lingua galega, porque é a nosa cultura e a nosa identidade sen ningunha dúbida. Piden que os documentos que saian do Concello, a poder ser, que saian nas dúas linguas.

O voceiro do BNG relata un problema que lle sucedeu neste Concello, que cando fixo unha chamada, o contestador lle saltou en castelán polo que velou o seu dereito a ser atendido na súa lingua, o galego, recoñecido na Lei de normalización lingüística, no Estatuto de Autonomía e noutras normas vixentes. Que se alegran que con esta normativa se vaia solucionar o problema e convida a todos os concelleiros e concelleiras que á hora de redactar as súas mocións e os seus documentos fagan uso do Servizo de Normalización do Concello para corrixilos e que deben fomentar entre todos e todas o seu uso e darlle a dignidade que se merece.

A Sra. alcaldesa responde á voceira popular e dille que o artigo 10.10, ten a mesma particularidade que o lido antes pola portavoz socialista, que ten o “en xeral”.

Insiste en que non se vai prohibir que se celebren actividades porque estean en castelán nin se lle vai prohibir á cidadanía que se exprese na lingua que queira. Que o motivo que os move a levar esa proposta é adaptar o regulamento, que xa había, á normativa que saíu posteriormente. Que o regulamento é do 2001, que por certo foi aprobado por unanimidade, e que o Servizo de Normalización Lingüística é do 2003 e que hai nova normativa que se debe contemplar no regulamento.

Votación: Votos a favor: 5 (3 CxG e 2 BNG) e sete abstencións (4 PP e 3 PSdeG-PSOE).

Acordo:

O Pleno da Corporación aproba inicialmente a modificación do regulamento de uso do galego do Concello de Muros. Que quedaría como segue:

"LIMIAR

A principal manifestación de identidade cultural dun pobo é a súa lingua. O galego, lingua propia de Galicia, é o máximo expoñente da nosa identidade como comunidade diferenciada. O idioma galego no decorrer da súa historia coñeceu períodos de normalidade e foi lingua de uso común en todos os ámbitos. A historia móstranos como na segunda metade do século XIII, organismos civís, gremios, confrarías, mosteiros e conventos teñen no galego a súa lingua vehicular e mesmo se traducen do castelán as leis civís chegadas de fóra. É a partir de finais do século XIV cando comeza a progresiva substitución do galego polo castelán nestes contextos formais, manténdose como lingua oral. Houbo que agardar ata o século XVIII para que aparecesen as primeiras voces que reclamaban a restitución do uso do galego en todos os ámbitos. Estes xermolos florecen durante o século XIX e dan un dos seus froitos máis vizosos no Estatuto de Autonomía de 1936, primeira normativa legal que recoñece a oficialidade do galego. A guerra civil española malogrou a aplicación desta lexislación.

Coa instauración da democracia no Estado español danse as condicións propias para a normalización da lingua galega. A Constitución Española de 1978 proclama "a vontade de protexer a todos os españois e pobos de España no exercicio dos dereitos humanos, as culturas, tradicións, linguas e institucións" e no artigo 3.2 establece que as linguas españolas distintas do castelán serán oficiais nas súas respectivas comunidades de acordo cos seus Estatutos. O artigo 5 do Estatuto de Autonomía de Galicia de 1981 proclama a lingua galega como oficial de Galicia, na súa calidade de lingua propia desta terra, e precisa ese precepto ao encomendarlles aos poderes públicos que garantan o uso normal e oficial do galego e o potencien en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, engadindo que "disporán dos medios necesarios para facilitar o seu coñecemento" (art. 5.3 E.A.G.).

A proclamación da oficialidade da lingua galega impón unha serie de obrigacións aos poderes públicos autonómicos, que han de utilizala como lingua de traballo e de comunicación coas demais entidades públicas e na súa relación coa cidadanía. Asemade a cidadanía é titular dunha serie de dereitos lingüísticos que han de ser respectados pola administración e esta ha de estar en disposición de traballar en condicións de igualdade nas dúas linguas oficiais de Galicia. A Lei de Normalización Lingüística do 15 de xuño de 1983 desenvolve aínda máis a normativa estatutaria e dispón que a Xunta ditará disposicións para a normalización progresiva do uso do galego e que as corporacións locais deberán promover ese uso de acordo coas normas recollidas naquela Lei (art. 6.4).

Os concellos de Galicia xogaron un papel relevante na incorporación do galego ao mundo administrativo e o Concello de Muros estendeu nesta lingua as súas actas desde o mesmo ano no que se ditou a Lei de normalización lingüística; con posterioridade, tras a aprobación polo Parlamento de Galicia da Lei 5/1988, do 21 de xullo, de uso do galego nas corporacións locais, este Concello, na sesión plenaria do 25 de novembro de 1988, aprobou o Regulamento municipal de normalización lingüística, vixente ata hoxe. Transcorridos doce anos desde aquela data, parece recomendable actualizar aquela norma e anovar o compromiso que a Corporación asumiu na defensa e promoción da nosa lingua.

CAPÍTULO I

O galego como lingua oficial do municipio

Artigo 1º. O galego, lingua oficial do Concello de Muros

1. O galego como lingua propia de Galicia é o idioma oficial do Concello de Muros.
2. As actuacións administrativas realizadas en galego no territorio municipal de Muros terán plena validez e eficacia.

3. A cidadanía ten dereito a ser atendida e a obter copia da documentación municipal e a recibir as correspondentes notificacións no idioma oficial que elixan.

Artigo 2º. Aplicación no ámbito municipal

1. O Concello de Muros, os organismos, entidades e sociedades que del dependan e as autoridades e o persoal ao seu servizo empregarán normalmente o galego nas actuacións internas e nas súas relacións coa cidadanía e coas entidades públicas e privadas sitas en Galicia.

2. As empresas concesionarias de servizos públicos municipais e as adxudicatarias de contratos de obras, servizos e subministracións tamén empregarán normalmente o galego nas súas relacións co Concello e cos organismos, entidades e sociedades que dependan del e coa veciñanza e persoas residentes no municipio de Muros, sen prexuízo do dereito destes últimos ao que se refire o artigo 1º.3 anterior.

3. A regra anterior incorporárase expresamente aos pregos de condicións e contratos mencionados.

4. Todos os servizos, departamentos, oficinas e organismos dependentes do Concello de Muros terán en conta a necesidade da normalización da lingua en todos os ámbitos sociais, polo que asumirán o desenvolvemento deste regulamento en todas e cada unha das accións do seu funcionamento cotián.

Artigo 3º. Aplicación noutros ámbitos

O Concello velará para que os principios anteriores se apliquen nos organismos supramunicipais dos que forme parte e nas relacións interadministrativas coas demais administracións públicas de Galicia.

CAPÍTULO II

Do uso interno do galego

Artigo 4º. Das sesións, actas e resolucións municipais

Redactaranse en galego:

a) As convocatorias e ordes do día das sesións de todos os órganos colexiados da Corporación e, nomeadamente, as do Pleno, Comisión de Goberno, comisións informativas, consellos sectoriais e tribunais de oposicións e concursos.

b) As mocións, votos particulares, emendas e propostas de acordo, os rogos e preguntas, así como os ditames das comisións informativas.

c) As actas das sesións dos anteditos órganos.

d) As resolucións da Alcaldía e das Concellerías.

e) As notificacións e comunicacións dos actos anteriores.

Artigo 5º. Dos expedientes administrativos

1. Os informes e o demais documentos que integran os expedientes administrativos redactaranse en lingua galega.

2. Os modelos de documentación utilizados na administración municipal elaboraranse en galego e os programas e procesos de informatización e racionalización terán en conta ese obxectivo.

Artigo 6º. Dos contratos e escrituras públicas

Os contratos e escrituras públicas nos que interveña o Concello de Muros e as entidades e os organismos del dependentes outorgaranse en lingua galega. Se a outra parte contratante o solicita ou o negocio debe producir efecto fóra de Galicia, tamén se outorgarán en versión castelá sendo o orixinal en galego.

Artigo 7º. Dos rexistros administrativos

Sen prexuízo do que dispón o artigo 9º da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, os asentos dos rexistros administrativos do Concello de Muros estenderanse en galego con independencia da lingua na que estea redactada o documento obxecto de inscrición.

CAPÍTULO III

Do uso externo do galego

Artigo 8º. Da atención ao público

- 1. As autoridades e o persoal ao servizo do Concello de Muros e das entidades e organismos dependentes del utilizarán normalmente o galego como lingua de relación coa cidadanía e de atención ao público sen prexuízo do dereito de elección lingüística ao que se refire o artigo 1º.3.*
- 2. Con independencia do anterior, as autoridades e servizos que teñan una relación máis intensa coa veciñanza e coas entidades e asociacións cidadás promoverán o uso do galego como lingua normal de comunicación, a información sobre os dereitos lingüísticos e, se é o caso, a colaboración en materia de normalización lingüística.*
- 3. A atención ao público mediante mecanismos automáticos, tales como contestadores de teléfonos ou outros medios telefónicos ou informáticos, usarán por defecto e de entrada o galego, así se especificará cando sexan comprados, contratados e/ou programados.*
- 4. O disposto no presente artigo tamén é de aplicación para as empresas ou entidades que presten servizos municipais por concesión, arrendamento, concerto ou contrato.*

Artigo 9º. Das relacións cos profesionais e as empresas de servizos

Os estudos, informes, proxectos, ditames e traballos semellantes que o Concello de Muros lles encargue a profesionais e empresas de servizos radicadas en Galicia redactaranse en galego non sendo que pola súa finalidade sexa inescusable que se elaboren noutra lingua.

Artigo 10º. Dos anuncios, da publicidade institucional, da accións formativas e das actividades públicas

- 1. Os anuncios e a publicidade institucional do Concello de Muros e dos organismos e as entidades que dependen del realizarase en lingua galega.*
- 2. Os libros e folletos informativos que edite tamén se realizarán en galego con carácter xeral, sen prexuízo de que, cando o interese xeral o requira, se publiquen tamén noutros idiomas.*
- 3. As publicacións editadas por outras entidades, nas que colabore o Concello e que teña difusión por Galicia, realizaranse en lingua galega.*
- 4. Na contratación da publicidade, o Concello terá en conta os medios de comunicación en distintos soportes que usan o galego.*
- 5. As campañas publicitarias e de promoción de actividades (cursos, xornadas, conferencias, festas, espectáculos, actividades deportivas, festivais, campionatos, etc) doutras entidades na que colabore o Concello faranse todos os soportes en galego.*
- 6. Para lle dar cumprimento a isto, cando os haxa, nos acordos de colaboración, convocatorias de subvencións, contratos, etc., farase referencia a este requisito.*
- 7. As accións formativas organizadas polo Concello desenvolveranse, en xeral, en lingua galega.*

8. A formación puntual e actividade xeral ofertada regularmente polo Concello nos seus distintos centros (aulas de informática, centros infantís, escola de música, biblioteca, etc.) desenvolverase utilizando normalmente o galego como lingua de comunicación.

9. Para que o Concello de Muros colabore en accións informativas ou formativas organizadas por outras entidades será requisito que estas se desenvolvan, en xeral, en lingua galega. Este requisito transmitiráselle á entidade ou entidades organizadoras e explicitarase nos acordos de colaboración, convocatoria de subvencións, contratos, etc.

10. Todas aquelas actividades comunicativas, culturais, deportivas, divulgativas, etc. (eventos, conferencias, intervencións públicas, xornadas, congresos, charlas, campionatos, espectáculos, festivais, etc.) organizados por outras entidades, será requisito que se desenvolvan, en xeral, en lingua galega. Este requisito transmitiráselle á entidade ou entidades organizadoras e explicitarase nos acordos de colaboración, convocatorias de subvencións, contratos, etc.

11. Os textos que vaian ser difundidos polo Concello en calquera soporte (diarios oficiais, xornais, revistas, carteis, folletos, etc.) deben ser revisados previamente polo Servizo de Normalización Lingüística, que dará o visto e prace para a súa publicación.

Artigo 11º. Dos actos institucionais

As autoridades do Concello de Muros utilizarán o galego nos actos públicos nos que interveñan por razón do seu cargo no ámbito territorial de Galicia.

Artigo 12º. Da programación cultural e educativa do Concello

1. Os programas de actividades culturais e educativas do Concello terán en conta os obxectivos de divulgar o coñecemento e promover a utilización da lingua galega.

2. Todas as actividades comunicativas, culturais, deportivas, divulgativas, etc. (eventos, conferencias, intervencións públicas, xornadas, congresos, charlas, campionatos, espectáculos, festivais, etc.) organizadas polo Concello, desenvolveranse, en xeral, en lingua galega.

3. Para que o Concello de Muros colabore en actividades comunicativas, culturais, deportivas, divulgativas, etc. Organizadas por outras entidades será requisito que estas se desenvolvan, en xeral, en lingua galega. Este requisito transmitiráselle á entidade ou entidades organizadoras e explicitarase nos acordos de colaboración, convocatoria de subvencións, contratos, etc.

4. Os textos que vaian ser difundidos polo Concello en calquera soporte (diarios, carteis, folletos, etc.) deben ser revisados previamente polo Servizo de Normalización Lingüística, que dará o visto e prace para a súa publicación.

Artigo 13º. Das actividades privadas subvencionadas polo Concello

1. O Concello de Muros promocionará o uso do galego entre as entidades, comisións de festas e asociacións veciñais, culturais e deportivas do municipio, especialmente das que sexan destinatarias de subvencións públicas da Corporación.

2. Con esa finalidade as bases das correspondentes convocatorias ou, se é o caso, as resolucións que outorguen as subvencións conterán expresamente a recomendación ou a esixencia, segundo os casos, de utilización do idioma galego nas actividades da entidade.

Artigo 14º. Do impulso institucional

O Concello de Muros promoverá a normalización do uso do galego nas actividades mercantís e publicitarias, culturais, deportivas, asociativas e de lecer, de conformidade co que dispón o artigo 25 da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.

Artigo 15º. Da sinalización e os rótulos

1. A sinalización e rotulación das edificacións, servizos e equipamentos públicos, maquinaria, vestiario do persoal, rede viaria e núcleos de poboación realizarase en galego e aterase á toponimia oficial. Cando o interese xeral o requira, os sinais informativos tamén se redactarán noutros idiomas.
2. A norma anterior será aplicable á maquinaria, aos equipamentos e ás instalacións das empresas adxudicatarias de servizos públicos municipais.
3. En calquera caso, os textos dos rótulos e sinalizacións deben ser revisados polo Servizo de Normalización Lingüística, que dará o visto e prace para a súa publicación.

Artigo 16º. Dos topónimos

1. De conformidade co que dispón o artigo 10º da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, a única forma oficial dos topónimos do municipio de Muros é a galega.
2. A Corporación catalogará e divulgará os nomes oficiais dos núcleos de poboación, das vías de comunicación e das rúas e vías urbanas. Tamén promoverá a catalogación e divulgación da toponimia das partes restantes do territorio municipal e dos seus accidentes xeográficos.
3. O Concello de Muros promoverá a recuperación, historia, orixe, coñecemento e uso da toponimia do territorio municipal, e preservará as formas tradicionais dos lugares como arte integrante da memoria colectiva do patrimonio cultural.
4. Para darlles nome ás rúas, prazas, edificios, etc., de titularidade pública en Muros, teranse en conta os criterios establecidos pola Comisión de Toponimia en 2002, en que se sinala:
 - a) Na denominación oficial das diferentes realidades xeográficas (entidades de poboación, urbanizacións, bloques de edificios, etc.) ha de preferirse sempre un topónimo tradicional antes que fórmulas de nova invención.
 - b) No caso de realidades xeográficas de nova creación realizarase un inventario das denominacións tradicionais do territorio afectado e empregaranse nome tomados dese repertorio para a denominación oficial das novas realidades.
 - c) Cando nunha área determinada os topónimos tradicionais superen en número as novas realidades xeográficas creadas, de preferencia ha de preservarse o topónimo de maior interese histórico, arqueolóxico ou filolóxico.
 - d) Só se empregará o recurso á imposición de “topónimos honoríficos” (nomes de persoas ou institucións, de conceptos abstractos, de cidades ou países, etc.) en casos que a nova denominación non sepulte un topónimo tradicional.
5. En caso de ter que optar por un topónimo honorífico ou conmemorativo, teranse en conta as directrices aprobadas pola ONU en 2004, nas que se sinala que:
 - e) Para propoñer un topónimo só se considerarán persoas postumamente; antes de que a proposta dun topónimo conmemorativo se considere debe ter pasado un mínimo de cinco anos da morte da persoa. Para acontecementos, polo menos deben ter pasado vinte e cinco anos do devandito acontecemento.
 - f) Para propoñer un topónimo conmemorativo só se terá en consideración persoas cunha forte asociación co lugar ou elemento xeográfico, ou que teñan destacada significación no legado cultural ou no desenvolvemento da zona, da comarca ou da nación.
 - g) O topónimo proposto deberá ser apoiado pola comunidade local e ir máis aló dun simple ou especial interese de grupo.
 - h) Un topónimo non se debe usar para conmemorar vítimas ou sinalar lugares de accidentes ou traxedias.
 - i) Un topónimo conmemorativo non se debe considerar se xa existe para o lugar un nome arraigado e aceptado.
 - j) A propiedade da terra non confire a lexitimidade ou o dereito de aplicarlle un topónimo conmemorativo a un elemento xeográfico. O uso non oficial de topónimos conmemorativos en publicacións ou en dedicatorias ou indicadores non é garantía de que estes sexan adoptados en documentos toponímicos oficiais.

Artigo 17º. Da calidade lingüística e da linguaxe democrática e inclusiva

- 1. Debido a que a calidade lingüística de todos os textos públicos do Concello transmite a imaxe da propia administración municipal e a que os textos emitidos desde a administración pública adoitan ser interpretados como modelos de lingua, en todos os textos, documentacións do Concello de Muros coidarase especialmente a calidade e corrección lingüística.*
- 2. En todos os textos serán aplicados os criterios da linguaxe administrativa moderna, procurando sempre a súa máxima calidade, democratización, personalización, claridade de contidos e uniformidade.*
- 3. En toda comunicación e documentación municipal usarase unha linguaxe inclusiva, utilizando as fórmulas non sexistas axeitadas que inclúan os dous xéneros cando os textos e comunicacións se dirixan tanto a mulleres como a homes, evitando fórmulas sexistas, ocultación dun dos xéneros e posibles ambigüidades.*
- 4. O Concello de Muros velará para que nos textos e comunicacións das accións doutras entidades nas que colabore, participe e apoie, se sigan estes mesmos criterios de calidade lingüística e linguaxe moderna, democrática e inclusiva.*

Artigo 18º. Do Servizo de Normalización Lingüística (SNL)

- 1. O Concello de Muros contará cun Servizo de Normalización Lingüística (SNL) estable dotado con medios materiais e humanos suficientes co obxecto de impulsar a normalización e procurar o incremento do uso e prestixio do idioma galego a todos os niveis e ámbitos sociais, e de coordinar as accións necesarias para darlle cumprimento a este regulamento.*
- 2. As tarefas que desenvolva este Servizo de Normalización Lingüística configurarase en tres áreas: dinamización sociolingüística, formación sociolingüística e asesoramento lingüístico.*
- 3. As funcións xerais do SNL son:*
 - a) Xerais:*
 - i. Asesorar á administración municipal en todo o relacionado coa política lingüística.*
 - ii. Facer seguimento do cumprimento da lexislación en materia lingüística por parte da institución.*
 - iii. Informar sobre a conveniencia, oportunidade, método, etc. de incorporar accións con obxectivos normalizadores en programas ou accións do Concello de índole diversa, e colaborar na súa especificación, deseño e materialización.*
 - iv. Emitir informes sobre a oportunidade, conveniencias, etc. de accións do Concello con respecto ao fomento do uso e prestixio da lingua galega.*
 - v. Colaborar coa administración para determinar os perfís lingüísticos necesarios en cada un dos postos de traballo e colaborar nas probas e procesos selectivos para que se avalíen convenientemente os coñecementos lingüísticos por parte dos/as aspirantes.*
 - b) Dinamización sociolingüística:*
 - i. Fomentar o uso do galego no conxunto da sociedade.*
 - ii. Planificar, xestionar, executar e avaliar accións a prol da lingua galega nos diversos ámbitos e contextos sociais: para a transmisión interxeracional, na mocidade, na onomástica, no deporte, nas novas tecnoloxías, na creación e difusión cultural, no ámbito empresarial e comercial, na comunicación, na xustiza, no lecer, na educación, na sanidade, no ámbito relixioso, no turismo, na integración social, na música, no asociacionismo, etc.*
 - iii. Propor programas dinamizadores e accións concretas que conciencien á sociedade respecto ao uso e prestixio da lingua galega e a implique no proceso normalizador.*

- iv. *Propiciar e xestionar liñas de información, colaboración, coordinación e axuda dirixidas á rede asociativa, empresarial, educativa, xuvenil, etc., para fomentar o uso e prestixio do galego.*
- v. *Promover e coordinar grupos de persoas interesadas no proceso de normalización lingüística para que funcionen como axentes normalizadores na sociedade.*

c. Formación sociolingüística:

- i. *Planificar, xestionar, coordinar e difundir a realización de cursos de lingua galega, xerais e específicos, tanto para o persoal da administración como para diferentes sectores sociais.*
- ii. *Difundir materiais que contribúan á tarefa normalizadora: dereitos lingüísticos, lexislación, recurso lingüísticos, etc.*
- iii. *Colaboran no deseño de programas de formación non lingüística para garantir a presenza do galego e de contidos favorables á mellora de actitudes lingüísticas.*

d. Asesoramento lingüístico:

- iv. *Mellorar a calidade lingüística e comunicativa da administración.*
- v. *Normalizar a imaxe lingüística, fixar criterios lingüísticos para a organización e establecer modelos de documentos.*
- vi. *Revisar e validar lingüísticamente aqueles textos que vaian ter maior difusión, impacto ou permanencia (carteis, folletos, rotulación, anuncios, impresos, publicacións, etc.) para garantir a calidade lingüística e o uso dunha linguaxe moderna, democrática e inclusiva.*
- vii. *Resolver dúbidas lingüísticas.*

CAPÍTULO IV

Do uso do galego nas relacións con outras administracións

Artigo 19º. Das relacións coas outras administracións públicas

O Concello de Muros utilizará o idioma galego nas relacións coas demais administracións públicas de Galicia e cos organismos da administración xeral do estado radicadas na nosa comunidade.

Artigo 20º. Das relacións coa administración de Xustiza e das actuacións procesuais

O Concello de Muros utilizará o idioma galego nas súas relacións cos órganos xurisdicionais radicados en Galicia e instruirá aos seus letrados e procuradores para que realicen en galego as actuacións procesuais orais e escritas que leven a cabo perante aqueles órganos de conformidade coas normas reguladoras do poder xudicial.

Artigo 21º. Da relacións con persoas xurídicas

Con respecto aos documentos dirixidos directamente a persoas xurídicas, diferentes de calquera das administracións, o Concello de Muros aterase ao previsto nas disposicións vixentes, aínda que se redactarán en galego sempre que sexa posible.

Artigo 22º. Das relacións coas empresas privadas

1. Os documentos públicos ou contractuais subscritos polo Concello serán redactados en galego. Se a súa finalidade o esixe, poderán facerse tamén copia traducida a outra(s) lingua(s), en que constará que é tradución do seu orixinal.
2. Concello requirirá que os estudos, proxectos, informes, documentos e traballos análogos que se encarguen a terceiros sexan elaborados en galego. Este requirimento será recollido nas convocatorias, pregos ou solicitudes de tales traballos.
3. Concello proporá e animará ás empresas contratantes e provedoras a que usen o galego na súa documentación e comunicación e explicitaralles que deben facer uso do galego nos bens e nos servizos que sexan obxecto de contrato co Concello, e así se fará constar nos correspondentes pregos de condicións.

CAPÍTULO V

Da capacitación lingüística do persoal ao servizo da Corporación

Artigo 23º. Obxectivo

Todo o persoal ao servizo da Corporación debe estar en condicións de empregar a lingua galega adecuadamente en forma oral e por escrito de acordo co nivel correspondente ao posto de traballo que se desempeñe.

Artigo 24º. Medios

Para acadar o obxectivo sinalado no artigo anterior establécense as seguintes regras:

1. Nos procedementos de selección de persoal deberase acreditar o coñecemento do idioma galego a través do exercicio ou exercicios escritos e/ou orais que sinalen as bases da convocatoria e que será adecuado ao nivel da praza que de que se trate.

2. No proceso selectivos que inclúan probas ou preguntas sobre lexislación, incluírase entre ela tamén a lexislación lingüística, como a Lei de normalización lingüística ou a Lei do uso do galego como lingua oficial polas entidades locais.

3. Nos procedementos de provisión de postos de traballo o coñecemento da lingua galega constituirá un mérito avaliable que se deberá acreditar por medio dos títulos oficiais que se sinalen polo que en cada convocatoria se fará un baremo axeitado ao posto para puntuar acreditacións Celga e/ou títulos oficiais de linguaxes específicas, como administrativa ou xurídica.

4. Cando for posible, terase en conta o persoal do Servizo de Normalización Lingüística con titulación suficiente para formar parte dos tribunais cualificadores –ben como membro deste, ben como persoal asesor-, para facer a avaliación do coñecemento do idioma galego na selección do persoal e na provisión dos postos de traballo e colaborará, así mesmo, na confección das correspondentes bases e probas.

5. As probas selectivas para a provisión de prazas de funcionarios/as e persoal laboral ao servizo do Concello farase en lingua galega e distribuírase por defecto nesta lingua a todas as persoas candidatas, sen prexuízo de que os/as participantes nas probas poidan realizar os seus exercicios noutra lingua oficial. As persoas que queiran copia das probas noutra lingua oficial poderán solicitala expresamente con antelación ao desenvolvemento da proba.

6. O persoal que actualmente traballa ao servizo da Corporación e non estea capacitado para o correcto desenvolvemento do seu traballo en galego de acordo co disposto no apartado 1 do presente artigo deberá adquirir tal capacidade. Para estes efectos, o Concello, desde o Servizo de Normalización Lingüística, desenvolverá programas de formación lingüística.

7. O Concello de Muros, a través do seu Servizo de Normalización Lingüística e en colaboración con outras administracións ou entidades, organizará curso específicos para todo

o persoal que non teña coñecementos necesarios para exercer as súas funcións en galego e así melloren o seu nivel de linguaxe, tanto desde o punto de vista lingüístico como estilísticos.

8. Nos programas de formación e perfeccionamento do persoal que periodicamente se realicen, terase en conta o obxectivo de capacitar progresivamente ao funcionariado na utilización da linguaxe administrativa e técnica propia das súas tarefas profesionais.

DISPOSICIÓN FINAL

Este regulamento entrará en vigor unha vez que se cumpran os requisitos que prevé o artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local."

Segundo.- Expor ao público este acordo por un prazo de trinta días mediante publicación de anuncios no taboleiro de edictos da Corporación e no Boletín oficial da provincia, coa finalidade de que as persoas e as entidades interesadas poidan presentar as reclamacións ou suxestións que xulguen oportunas. De non habelas, o regulamento entenderase aprobado definitivamente.

4.- RATIFICACIÓN DO ACORDO DA XGL DO 4 DE FEBREIRO DE 2016 DE APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO "MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS HIDRÁULICAS NA ROCHA. PARROQUIA DE SERRES" INDLUÍDO NO POS/2016.

A Sra. alcaldesa pide ao concelleiro Sr. Quintela que explique este punto e a Sra. González interrompe para dicir que non teñen a acta desa Xunta de Goberno.

A Sra. alcaldesa di que ese punto foi tratado na Comisión informativa.

Á petición da voceira socialista de que queren ver os antecedentes do acordo o Sr. Quintela di que está na proposta á que dá lectura:

"Visto o requirimento da Deputación da Coruña do 28 de xaneiro de 2016 en relación á solicitude de subvención feita polo Concello de Muros ao abeiro do Plan provincial de cooperación de obras e servizos do 2016 para a execución do proxecto denominado "Mellora de infraestruturas hidráulicas na Rocha, Serres", aprobado polo Pleno da corporación o día 15 de decembro de 2015.

A Xunta de Goberno Local, celebrada o 4 de febreiro de 2016, acordou:

1. Aprobar a modificación do proxecto "Mellora de infraestruturas hidráulicas na Rocha, Serres", para adaptalo ao requirimento feito pola Deputación da Coruña o día 28 de xaneiro de 2016, a efectos de ser beneficiario da subvención do POS 2016.

2. Ratificar este acordo no seguinte Pleno da corporación.

Propoño ao pleno a ratificación do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local do 4 de febreiro de 2016, que acorda aprobar a modificación do proxecto "Mellora de infraestruturas hidráulicas na Rocha, Serres", para adaptalo ao requirimento feito pola Deputación da Coruña o día 28 de xaneiro de 2016, a efectos de ser beneficiario da subvención do POS 2016.

E explica que unha vez remitido á Deputación o proxecto de obras a Deputación require a modificación do proxecto baseándose en que había nun capítulo unha serie de partidas non subvencionables que deberíamos suprimir do proxecto, que feita a modificación e xa que había un prazo de 10 días para enviar o proxecto, foi polo que se aprobou na Xunta de Goberno Local para logo ratificar no seguinte pleno.

A Sra. Monteagudo do Partido Popular di que para eles é suficiente a documentación enviada e as explicacións do concelleiro na Comisión.

A Sra. González adianta que non van votar nada que non teñan na man que é unha cuestión de responsabilidade. Que hai unha proposta para ratificar un acordo e non teñen documentación. Pregunta se hai algún motivo polo que non se leva a acta da Xunta de Goberno e que na Comisión informativa o concelleiro de Obras non foi capaz

de explicar cal era a modificación, que falou de que se sacara a parte eléctrica e á pregunta de cómo se reparou e en que se investirá, que contestou que se axustaron os números. Que se informaron na Comisión informativa que ese proxecto se fixo fóra do Concello. Que non viron o contrato e que non saben canto custou o proxecto, nin como se contratou, e se se presentaron máis ofertas ou foi a dedo.

Reitera que non van votar a favor.

O Sr. García di que na Comisión informativa quedou bastante claro cales eran as modificacións e consideran que é unha cuestión de trámite. Que é importante que se aprobe o POS. Que apela á responsabilidade dos concelleiros e das concelleiras para que non poñan atrancos á aprobación do POS. E apela á responsabilidade da voceira socialista e dille que un goberno “tan cativo e inoperativo”, segundo as súas palabras, que asuma que a responsabilidade é exclusivamente dela e pide a súa dimisión como voceira e concelleira do PSOE.

Na segunda rolda de intervencións a Sra. Monteagudo insiste en que lle parece suficiente. Que está reflectido claramente o acordo da Xunta de Goberno e que as explicacións do concelleiro lles parecen adecuadas e suficientes polo que anuncia o seu voto a favor.

A Sra. González reitera o dito na primeira intervención e que o único que piden é poder ver a documentación. E con respecto á manifestación do representante do BNG, que é un rapaz que acaba de chegar e que non sabe moi ben como vai a política de Muros, que pide a súa dimisión porque queren ler os papeis e que a ela lle parece que é un dereito que teñen. Que non lle parece ben que teñan que votar a cegas. Que ela xa sabe que non lles gusta moito pero que a votou o pobo de Muros e que está defendendo eses votos, que é a súa responsabilidade. Que por certo tivo máis votos ca o voceiro do BNG. Que teñan este goberno é responsabilidade, non só dela, que lle parece unha falta de respecto para os seus compañeiros e compañeiras, que teñen tanta credibilidade coma ela e seguramente máis ca o voceiro do BNG.

Continúa dicindo que eles non queren atrancar o POS, que recorda que eles votaron a favor do POS, e que xa que desde o goberno presumen de transparencia que polo menos lle entreguen a documentación porque é a primeira vez na historia do Concello de Muros que se vai votar algo sen ver a Xunta de Goberno.

O Sr. García responde á voceira socialista, que pediu a súa dimisión, non porque non puidera ler os papeis, senón porque publicamente recoñecera que cometera un erro poñendo o goberno actual. E un político que recoñece que comete un erro, debería dimitir por dignidade. Que fóra diso non teñen máis que engadir.

A Sra. alcaldesa explica que se levan as actas das Xuntas de Goberno do mes de xaneiro, que están falando dunha acta do mes de febreiro. Que di que se informaron na Comisión informativa de que encargaran os proxectos fóra do Concello. Que iso di moito do traballo que fai a oposición xa que ese proxecto foi a anterior Comisión informativa ao Pleno no que se aprobaron os proxectos do POS e que o tivo á súa disposición desde unha semana antes do Pleno. Que cando estaban na oposición si que teñen vido ás sesións plenarias sen documentación pero que agora a teñen desde o xoves anterior cando se convocan as comisións e que nesta ocasión volveu a ter, unha semana antes, o proxecto modificado. Que o acordo que se ratifica está perfectamente recollido na proposta e tivo a súa disposición os dous proxectos que puido comparar e ademais o concelleiro de Obras explicou na comisión en qué consistían eses cambios e a cuestión non foi que el non fora capaz de explicalo, que foi que a Sra. González non foi capaz de entendelo.

Explica que a Deputación fixo ese requirimento, que se falou coa redactora do proxecto, que é de fóra do Concello porque as dificultades técnicas dese proxecto en concreto, non as podía afrontar o arquitecto técnico municipal e que é o único que se fixo fóra, que os outros os fixo o aparelador municipal.

Votación: 9 votos a favor (3 CxG, 4 PP e 2 BNG) e 3 en contra do PSdeG-PSOE.

ACORDO:

O Pleno da corporación acorda a ratificación do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local do 4 de febreiro de 2016 que acorda aprobar a modificación do proxecto "Mellora de infraestruturas hidráulicas na Rocha, Serres", para adaptalo ao requirimento feito pola Deputación da Coruña o día 28 de xaneiro de 2016, a efectos de ser beneficiario da subvención do POS 2016.

5.- DECLARACIÓN DA CADUCIDADE DO PROCEDEMENTO DE DECLARACIÓN DE NULIDADE DO EDICTO DE CORRECCIÓN DE ERROS DO DOCUMENTO DE APROBACIÓN DO PXOM E INICIO DUN NOVO PROCEDEMENTO.

A Sra. alcaldesa explica que nun Pleno do Concello se adoptou un acordo para corrixir erros que había no PXOM e que se remitiu á Consellería, e esta considerou que non eran erros, que era unha modificación do PXOM, polo que se publicou no BOP o 12 de marzo de 2013 un edicto de corrección de erros que hai que anular e iniciouse o procedemento de anulación do edicto nun acordo adoptado o 26 de xaneiro de 2015 e o 18 de marzo o Consello Consultivo devolve o expediente requirindo unha serie de actuacións. Que ese procedemento caducou polo que se procede á declaración dese caducidade e ao inicio dun novo, para a anulación dese edicto.

A Sra. Monteagudo dá comezo a súa primeira intervención e di que son conscientes de que é unha herdanza dos magníficos asesores do goberno do PSOE, pero que resulta de difícil xustificación que en oito meses que levan de goberno non se fixera ningunha actuación ao respecto.

Que o que lles parece máis importante é saber se se outorgou algunha licenza amparada nesa corrección de erros e piden que se lles informe ao respecto.

A Sra. González di que na Comisión informativa xa apuntaron que non cren que a anulación dun edicto que está mal publicado sexa motivo para levar ao Pleno.

Contesta ás alusións da Sra. Monteagudo dicindo que efectivamente, que grazas aos maravillosos asesores e ao seu traballo, que o PXOM de Muros, aprobado polo Partido Popular cun montón de defectos, cun montón de problemas para a veciñanza, se arranxaron un montón de problemas. Que os redactores do Plan e os encargados de aprobar o PXOM son moi remisos a cambiar tan sequera unha coma porque vai pasando por un montón de Consellerías que teñen que asinar os seus informes e que a aprobación do PXOM é moi complicada, moi longa e moi custosa. Que hoxe en día cre que sería moi difícil poder aprobar un PXOM porque non hai dispoñibilidade económica para poder acometer semellante documento. Que como o documento está como está e a veciñanza pasaba como un chorreo por este Concello, medio acordamos coa Xunta de Galicia de ver cales eran os problemas que se podían solucionar porque a legalidade estrita é que hai que modificar o PXOM. Que houbo algunhas cousas que se puido corrixir polos traballos que se fixeron na oficina urbanística.

Recórdalle á voceira popular que na oficina urbanística de Muros levaron moitos anos cun problema, herdado tamén, que era a legalidade e a defensa das casas da veciñanza de Esteiro, do edificio Sertaches. E que grazas á oficina urbanística se lle dou a licenza que asinou Caridad González Cerviño.

Tamén lle recorda que esa oficina urbanística presentou en Madrid, en Medio Ambiente, a solicitude da modificación da liña de Costas, que é un problema moi importante en todas as vilas costeiras, e que de 14 solicitudes que aprobaron, 5 foron en Muros.

Continúa dicíndolle que preguntou mal á Sra. alcaldesa, que non hai ningunha licenza outorgada nese escrito de erros, pero que anteriores que si as hai, utilizando ese

artifuxio para poder legalizar as cousas que eran moi rechamantes. Que pensan que a veciñanza de Muros tiña dereito a que desde o Concello se traballara para poder solucionar ese problema. Que algún si se solucionou pero outros non foron capaces porque o PXOM é un documento moi solemne que ata que pasen catro anos e haxa novas necesidades que hai que xustificar, non se pode abrir ese PXOM e que dende logo para un particular é imposible porque o equipo necesario para confeccionar o PXOM non está á altura da veciñanza.

Que lle parece ben que se anule ese edicto. Que por certo se publicou despois de moitas instrucións desde a Xunta de Galicia e que se chegou á conclusión de que había que facelo así. Que non hai ningunha dúbida en que hai que anular o edicto e que sen ningunha dúbida se traballou para favorecer á veciñanza de Muros. Que non foi ningún capricho, que foi un intento de solucionar, e algo que si se solucionou.

O Sr. García di que na Comisión informativa o secretario explicou cal era o trámite a seguir e anuncia o voto favorable do seu grupo.

A Sra. alcaldesa contesta á pregunta do grupo popular dicindo que non ten constancia de que se outorgara ningunha licenza amparada nesa corrección de erros, nin nos oito meses do seu goberno nin nos catro anos anteriores. E dirixíndose á voceira socialista di que si é necesario aprobar o acordo no Pleno, que está mirado polo secretario e que de feito na anterior lexislatura tamén se levou ao Pleno o 26 de xaneiro de 2015.

A voceira popular contesta ás alusións da Sra. González e dille que non teñen ningunha dúbida de que o seu traballo fora coa intención de mellora da veciñanza, que o que critican é o traballo dos asesores que tiña, xa que evidentemente neste caso, o seu traballo non foi o correcto.

A voceira socialista, polo seu lado, contesta á Sra. Monteagudo que non coñecía os informes que facían os asesores, pero que non lle estraña a súa opinión cando acaba de votar unha cousa sen ter papeis na man. Que é a súa responsabilidade.

Dirixíndose á Sra. alcaldesa di que lle parece ben que se declare a caducidade e se inicie un novo procedemento, pero que iso non lles vai levar a solucionar os problemas que se intentaban solucionar. Que queren ver como se van solucionar.

Votación: 8 votos a favor (3 CxG, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG) e 4 abstencións do PP.

O PLENO DA CORPORACIÓN ACORDA:

Primeiro.- Declarar a caducidade do expediente instruído para declarar a nulidade do edicto de corrección de erros do documento de aprobación do Plan Xeral de Ordenación Municipal ditado pola alcaldesa o 5 de marzo de 2013 e publicado no Boletín Oficial da Provincia do 13 de marzo de 2013.

Segundo.- Iniciar novamente o procedemento de revisión de oficio para declarar a nulidade do edicto de corrección de erros do documento de aprobación do Plan Xeral de Ordenación Municipal ditado pola alcaldesa o 5 de marzo de 2013 e publicado no Boletín Oficial da Provincia do 13 de marzo de 2013, por considerar que se atopaba en curso da seguinte causa de nulidade: prescindir total e absolutamente do procedemento legalmente establecido conforme ao artigo 62.1 f da Lei 30/1992. Suspende a execución deste porque pode causar prexuízos de imposible ou difícil reparación.

Terceiro.- Publicar o inicio do procedemento no Boletín Oficial de Provincia da Coruña, por un prazo de vinte días.

Cuarto.- Solicitar o ditame preceptivo do Consello Consultivo de Galicia en relación co expediente de revisión de oficio do edicto de corrección de erros do PXOM do Concello de Muros.”

6.-APROBACIÓN DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO (Ref. 01/2016).

A Sra. alcaldesa dá a palabra ao concelleiro Sr. Uhía Martínez que le a proposta:

“Visto o informe de Intervención de onde consta que en aplicación do artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, o recoñecemento de obrigas correspondentes a exercicios anteriores que, por calquera causa, non o tiveren sido naquel ao que correspondían, é competencia do Pleno da Corporación, e que neste caso concreto é posible a súa realización.

En atención ao exposto, propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar o recoñecemento dos créditos relacionados no documento anexo correspondentes a exercicios anteriores.

SEGUNDO. Aplicar, con cargo ao Presuposto do exercicio 2016, os créditos relacionados no documento anexo.”

Explica que son facturas do exercicio anterior que non se pagaron por estar esgotada a partida ou ben porque non pasaron o primeiro control. Que pasaron o segundo control da efectiva prestación de servizos ou subministración de bens e que están conformadas polos responsables dos distintos órganos xestores do gasto.

A Sra. Monteagudo di que en oito meses é a segunda vez que se recorre a este mecanismo excepcional e que á excepción dalgunhas facturas de luz do mes de marzo, o resto corresponde a facturas deste mandato. Que como indicaron xa na outra ocasión, que entenden que é un mecanismo excepcional, que non se pode converter na forma de pago habitual e que non lles queda claro a que corresponden esas subministracións nalgunha das facturas e que nin sequera o grupo de goberno soubo dicir a que correspondían.

Que non esperan que se saiban todas as subministracións que se fan ao Concello, pero que se o traen por un mecanismo excepcional que esperan que o Sr. concelleiro ou a Sra. alcaldesa teñan unha idea do que levan a aprobar. Que aínda así, xa que confían nos servizos administrativos do Concello e consideran de xustiza que os provedores cobren polos servizos, anuncian o seu voto a favor.

A Sra. González anuncia tamén o seu voto a favor porque o que se gasta hai que pagalo e con respecto ás facturas, xa puxeron de manifesto na Comisión informativa que carecían algunhas do conforme e ven que agora xa o traen. Que polo menos valeu para que o puxeran.

Pregunta por unha factura de Helvetia, por oito mil e pico de euros, pregunta que xa fora feita no último Pleno sobre o pagamento de seguros sen volver a pedir un novo orzamento, xa que é a mesma compañía e daquela eles pediran ofertas a todas as compañías da praza e ven que se están renovando os seguros sen facer nada máis e sen pedir novos orzamentos. Que non lles parece ben porque o mundo dos seguros flutúa moito. Que non saben se o fixeron, pero estráñalle pois non se convocou a mesa.

Tamén pregunta por qué agora se levan os coches a arranxar fóra do concello. Que son partidarios de que se faga o gasto dentro do concello e que despois de estar feito o gasto, son partidarios de que se pague.

O Sr. García pide que se fagan os esforzos posibles para que se pague dentro dos prazos legais aos provedores, que sería unha boa forma de axudar aos/ás autónomos/as e ás pequenas empresas que colaboran co Concello.

Ao renunciaren todos e todas á segunda intervención, a Sra. alcaldesa explica que hai facturas sen pagar porque xa non había consignación nas partidas orzamentarias e que hai algunha outra que lles faltaba algo e que despois apareceron nos papeis da brigada de Obras. Que farán fincapé nos servizos de Tesourería e Intervención para que haxa maior coordinación, para que non volva pasar e que iso minimizaría ademais o ter que recorrer a este método.

En relación a que se arranxen os coches fóra do Concello, explica que son vehículos que están en garantía e teñen que ir ao servizo oficial. Que son os coches que se compraron no mandato da Sra. González. (A Sra. González di que non sabían que coches eran porque non coincidían as matrículas).

Conclúe dicindo que todos os servizos e as facturas están comprobados, que a xente ten que cobrar, e dá paso á votación co seguinte resultado: unanimidade.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, ACORDA:

PRIMEIRO. Aprobar o recoñecemento dos créditos relacionados a continuación correspondentes a exercicios anteriores.

SEGUNDO. Aplicar, con cargo ao Presuposto do exercicio 2016, os créditos relacionados a continuación:

EMPRESA IMPORTE	CIF	DATA	FACTURA	CONCEPTO
ASCENSORES ENOR SA 186,33	A36650992	01/12/2015	599.380	SERVIZO CONSERVACIÓN
ASCENSORES ENOR SA 204,76	A36650992	01/12/2015	600.330	SERVIZO CONSERVACIÓN
ASCENSORES ENOR SA 204,76	A36650992	01/11/2015	592.190	SERVIZO CONSERVACIÓN
ASCENSORES ENOR SA 204,76	A36650992	01/10/2015	583.504	SERVIZO CONSERVACIÓN
ASCENSORES ENOR SA 186,33	A36650992	01/10/2015	582.527	SERVIZO CONSERVACIÓN
ASCENSORES ENOR SA 186,33	A36650992	01/11/2015	591.224	SERVIZO CONSERVACIÓN
ASCENSORES ENOR SA 186,33	A36650992	01/09/2015	573.360	SERVIZO CONSERVACIÓN
ASCENSORES ENOR SA 186,33	A36650992	01/07/2015	556.444	SERVIZO CONSERVACIÓN
ASCENSORES ENOR SA 186,33	A36650992	01/08/2015	565.188	SERVIZO CONSERVACIÓN
ASCENSORES ENOR SA 275,82	A36650992	01/12/2015	599.890	SERVIZO CONSERVACIÓN
ASCENSORES ENOR SA 275,82	A36650992	01/11/2015	591.753	SERVIZO CONSERVACIÓN
ASCENSORES ENOR SA 95,88	A36650992	17/11/2015	11.541	SERVIZO CONSERVACIÓN
BANDIN AUDIO SL 80,17	B15867617	15/10/2015	15/1703	FS 500
TALLERES J.MAYO SL 116,98	B15901622	10/10/2015	F/270	ACEITE 5w30 FILTRO ACEITE
ORONA, S.COOP 1416,42	F20025318	01/10/2015	1504283576	CONTRATO /PR42580
CARPINTERÍA JEMA 1101,10	78788926B	01/09/2015	F0017-2015	VIDRIO CLLMALIT STADIP
AFICON SL 551,76	B15494230	27/08/2015	2015/1959	DOTACIÓN DE EXTINTORES
AFICON SL 1179,75	B15494230	27/08/2015	2015/1961	DOTACIÓN DE EXTINTORES
ROCKBOX OVERDRIVE SL 236,98	B70442223	02/07/2015	A/19	TAD
ROTAL SC 181,50	J15581655	13/08/2015	616	PANEIS 100x70 IMPR.A COR
TELEFONICA DE ESPAÑA SAU 34,49	A82018474	19/11/2015	TA5660005910	RESUMEN POR SERVICIO-ABONO
GAS NATURAL SUR SDG SA 501,48	A65067332	27/03/2015	01150211655715	ENERXÍA ELÉCTRICA

GAS NATURAL SUR SDG SA 370,95	A65067332	27/03/2015	01150211653404	ENERXÍA ELÉCTRICA
GAS NATURAL SUR SDG SA 160,71	A65067332	30/03/2015	01150311623343	ENERXÍA ELÉCTRICA
GAS NATURAL SUR SDG SA 87,74	A65067332	06/06/2015	01150610239986	ENERXÍA ELÉCTRICA
GAS NATURAL SUR SDG SA 117,47	A65067332	06/06/2015	01150610253662	ENERXÍA ELÉCTRICA
GAS NATURAL SUR SDG SA 548,08	A65067332	17/06/2015	01150610862264	ENERXÍA ELÉCTRICA
GAS NATURAL SUR SDG SA 662,70	A65067332	17/06/2015	01150610884243	ENERXÍA ELÉCTRICA
GAS NATURAL SUR SDG SA 60,48	A65067332	19/06/2015	01150611029333	ENERXÍA ELÉCTRICA
GAS NATURAL SUR SDG SA 84,19	A65067332	28/06/2015	01150611577576	ENERXÍA ELÉCTRICA
GAS NATURAL SUR SDG SA 103,04	A65067332	28/06/2015	01150611570999	ENERXÍA ELÉCTRICA
GAS NATURAL SUR SDG SA 21,15	A65067332	06/06/2015	01150610294078	ENERXÍA ELÉCTRICA
GAS NATURAL SUR SDG SA 277,54	A65067332	27/06/2015	01150611506333	ENERXÍA ELÉCTRICA
GAS NATURAL SUR SDG SA 164,97	A65067332	24/06/2015	01150611281633	ENERXÍA ELÉCTRICA
MADERAS Y M.CASAI SL 390,83	B15124308	30/06/2015	62514	VIGA TRATADA 480x17x7
MADERAS Y M.CASAI SL 143,34	B15124308	20/09/2015	63211	TABOLEIRO FENÓLICO 244x122x20
MANC.CONC.S. DO BARBANZA 40179,79	P6507201I	01/12/2015	LM/12.15	COTAS DECEMBRO 2015
HELVETIA COMP.SUIZA SA 8280,00	A41003864	01/10/2015	6510089250_01	PÓLIZA DAA210000066
GAS NATURAL SUR SDG SA 422,71	A65067332	27/10/2015	15321184970873	ENERXÍA ELÉCTRICA
GAS NATURAL SUR SDG SA 134,49	A65067332	02/05/2015	01150411618538	ENERXÍA ELÉCTRICA
GAS NATURAL SUR SDG SA 2060,96	A65067332	28/04/2015	01150411329733	ENERXÍA ELÉCTRICA
TALLERES J.MAYO SL 295,24	B15901622	19/09/2015	F/255	RODAS 225 65 16c
TALLERES J.MAYO SL 66,72	B15901622	19/09/2015	F/261	CALENTADOR
TALLERES J.MAYO SL 369,44	B15901622	10/09/2015	F/245	RODAMENTO, ACEITE...
MOTOR94 SL 249,67	B15455603	28/10/2015	3914	REPARACIÓN VEH.0314 HZJ
MOTOR94 SL 114,05	B15455603	30/10/2015	3913	REPARACIÓN VEH.0314 HZJ
GRAFICAS ESTEIRO SL 245,63	B70206388	22/10/2015	497/15	IMPRESIÓN DÍPTICOS "POZO DO..
GRÁFICAS SEMENTEIRA SA 559,02	A15208366	16/10/2015	83	FOLLETOS, MAPA TURÍSTICO...
QUILMISLIM SL 280,72	B15953649	17/05/2015	853	SUBM.MATERIAL LIMPEZA
ALQUILERES RENEYMAR SL 130,90	B15489131	31/08/2015	1067 ++	ALQUILER CASETA 3MTS
TALLERES J.MAYO SL 127,97	B15901622	13/11/2015	F/293	REPARACIÓN VEH.7364GLN
COMUNICACIONES LAGO SL 165,65	B15902927	21/11/2015	52.333	RENOVACION DOMINIO LICLOURO
MADERAS Y M.CASAI SL 196,02	B15124308	20/11/2015	63678	TRAV. TRATADA 300x9x4
FERRETERÍA DOSIL SL 3048,51	B15969322	30/11/2015	14650	SUBM.MATERIAL BRIGADA
COMUNICACIÓN GRÁFICA SL 332,75	B70453733	06/07/2015	22	DIS.E IMPR.CARTEIS "MUROSMIRA..
MARÍA FIGUEIRA SIMIL 466,14	76470193T	30/09/2015	150447	SUBM.MATERIAL BRIGADA
MARÍA FIGUEIRA SIMIL 748,16	76470193T	30/10/2015	150469	SUBM.MATERIAL BRIGADA
CTNES.PONCIANO NIETO SL 172,79	B15293145	27/11/2015	685	MEZCLA AGLOMERADO EN ...
BRICOFER FERRETERÍA 450,56	J70354972	30/11/2015	201500353	SUBM.MATERIAL BRIGADA
DOMINGO GONZALEZ SL 453,75	B70106364	09/12/2015	A1091/15	DESATASCAMENTO NA VOUGA...
DOMINGO GONZALEZ SL 170,97	B70106364	09/12/2015	A1092/15	REPARACIÓN TUBARÍA NA VOUGA
MOTOR94 SL 114,05	B15455603	25/10/2015	3881	REPARACIÓN VEH.0314 HZJ

MANUEL FIGUEIRAS DOSIL 318,00	78785485C	23/12/2015	14/2015	DEMOSTRACIÓN NO POZO DO...
WURTH ESPAÑA SA 158,06	A08472276	27/11/2015	1379352	SUBM.DISCOS DESBASTE WURTH...
WURTH ESPAÑA SA 149,74	A08472276	27/11/2015	1379353	SUBM.DISCOS CORTE VERDE...
GASOLEOS RIAL SL 566,06	B15598253	05/12/2015	C/151255	SUBM.COMBUSTIBLE CALEF..
EDITORIAL COMPOSTELA SA 302,50	A15000391	24/12/2015	P508168	NADAL EN BARBANZA
TELEFÓNICA DE ESPAÑA SAU FERRETERÍA DOSIL SL 2533,85	A82018474 B15969322	19/12/2015 31/10/2015	TA5670005771 14563	RES.POR SERVICIO 98182622734,49 SUBM.MATERIAL BRIGADA

IMPORTE TOTAL.... 71.891,11 €

7.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DA MULLER.

A concelleira, a Sra. Patiño Uhía, dá lectura á moción:

“MOCIÓN CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DA MULLER

A voceira/concalleira do Partido Popular, Inés Monteagudo Romero, en nome propio e no do grupo municipal do PP, presenta ao pleno, para o seu debate e aprobación se procede, da seguinte MOCIÓN CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DA MULLER

Exposición de motivos:

A igualdade entre mulleres e homes é un principio xurídico universal e así aparece recollido en numerosos textos normativos:

Na Constitución española, que recolle no seu artigo 14 que a poboación española é igual ante a lei “sen que poida prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social”. E o artigo 9.2 sinala que son os poderes públicos os que deben “promover as condicións para que a liberdade e a igualdade das persoas e dos grupos nos que se integren sexan reais e efectivas; remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de toda a cidadanía na vida política, económica, cultural e social”

No Tratado da Comunidade Europea (TCE) recoñécese a igualdade entre mulleres e homes como un dereito de alcance transversal a todo o ordenamento e políticas da Comunidade Europea (artigos 2 e 3) e indícase que: “A Unión combaterá a exclusión social e a discriminación e fomentará a (...) igualdade entre mulleres e homes (...)”.

Esta previsión dá maior alcance ao principio de transversalidade e obriga a introducilo en todas as políticas públicas, o que comprende todos os ámbitos de actuación, segundo o recollido na Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea que tamén establece que a igualdade entre mulleres e homes ten que garantirse en todos os ámbitos (art. 23).

En maio de 2011, o Consello da UE, co fin de reafirmar e apoiar a estreita relación entre a Estratexia da Comisión Europea para a igualdade entre mulleres e homes (2010-2015) e a Estratexia Europa 2020, reafirmou o seu compromiso de cumprir as aspiracións da UE en materia de igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes e adoptou o Pacto Europeo pola igualdade de xénero (2011-2020). Neste pacto, o Consello recoñece que a igualdade entre mulleres e homes constitúe un valor fundamental da Unión Europea e que as políticas de igualdade de xénero son vitais para o crecemento económico, a prosperidade e a competitividade.

A Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a Igualdade efectiva de mulleres e homes constitúe o marco normativo nacional para promover o principio de igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes e fai referencia ao carácter transversal que debe ter a incorporación da igualdade na totalidade das políticas públicas no conxunto do Estado.

No ámbito autonómico, a Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a Igualdade de mulleres e homes recolle tamén este principio transversal da igualdade de oportunidades no seu artigo 6.

En marzo de 2015, a Comisión da Condición Xurídica e Social da Muller de Nacións Unidas, coincidindo coa conmemoración de Beijing+20, aprobou unha declaración política que, baixo o lema "50-50 en 2030", avoga pola meta de alcanzar a igualdade de xénero en 15 anos.

Na actualidade, todas as institucións nacionais, europeas e internacionais veñen realizando un grande esforzo para garantir o dereito das persoas a non sufrir discriminación por razón de sexo.

Este esforzo materialízase, fundamentalmente, a través de tres vías de intervención:

- 1. O desenvolvemento do principio de igualdade a través da eliminación no ordenamento xurídico das discriminacións por razón de sexo.*
- 2. As accións positivas, que consisten en medidas específicas de intervención que actúan sobre as barreiras sociais que dificultan a igualdade entre as persoas, co fin de compensar as desigualdades sociais.*
- 3. O mainstreaming de xénero, que supón a integración dos obxectivos de igualdade na elaboración e avaliación das políticas públicas. Supón a integración da perspectiva de xénero no conxunto das políticas públicas.*

O orzamento pode definirse como o instrumento a través do cal, o goberno planifica os ingresos e os gastos que se van a realizar no vindeiro exercicio económico e constitúe a ferramenta esencial na que se reflexan as políticas públicas que se van desenvolver e se materializan estas en plans, programas, proxectos ou actuacións concretas, dirixidas a satisfacer as necesidades, intereses e expectativas da cidadanía.

Os orzamentos sensibles ao xénero ou orzamentos con perspectiva de xénero non son sinónimo de orzamentos diferenciados en programas para mulleres e para homes, senón que responden a unha estratexia para coñecer o impacto que as políticas recollidas no orzamento teñen sobre mulleres e homes. O obxectivo fundamental é a integración transversal dos asuntos de xénero en todas as políticas, plans e programas que se desenvolvan.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal do Partido Popular solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte acordo:

- 1. Instar ao Concello de Muros a ter en conta a perspectiva de xénero na elaboración dos orzamentos municipais do Concello, que permita analizar as actuacións que se van desenvolver desde unha perspectiva de xénero, prestando especial atención á situación das mulleres e dos homes en relación cos programas de gasto.*
- 2. Instar á Xunta de Galicia, se así o precisa o Concello, a poñer a súa disposición, instrucións e/ou indicacións para ter en conta a perspectiva de xénero na elaboración dos orzamentos."*

A voceira do PSdeG-PSOE non intervén.

O voceiro do BNG di que están totalmente de acordo coa exposición de motivos e que traen unha pequena emenda para afondar nos acordos para buscar algunha medida máis concreta.

Dálle a emenda aos distintos grupos para ver se están de acordo en incluíla. E dá lectura a dita emenda:

“3.- Instar ao Concello de Muros a promover, a través do CIM, e colaborando coas ANPAS e os equipos directivos dos centros de ensino do concello, á creación dun programa de ACTIVIDADES POLA IGUALDADE que reforce o traballo educativo dos centros de ensino neste eido.

4.- Instar ao Concello de Muros a realizar, a través do CIM, ACTIVIDADES POLA IGUALDADE en todas as parroquias de forma continuada no tempo, que axude a concienciar á sociedade da necesidade de avanzar na igualdade real entre homes e mulleres, e poñer especial fincapé na concienciación sobre a violencia machista.”

O Sr. García di que cren que é un problema moi grande nesta sociedade o da violencia machista e que é importante que desde o Concello se fagan políticas a prol da igualdade. Que máis alá de engadir nos orzamentos se tomen medidas concretas, desenvólvela con profundidade e con rigor, e traballar desde o Concello para que teñamos unha sociedade máis igualitaria.

A Sra. alcaldesa anuncia o voto a favor do seu grupo e que ademais, desde o goberno se comprometen a reforzar todos os dispositivos de igualdade existentes ao dispor do Concello para así apostar por unha sociedade libre de todos as manifestacións de violencia contra as mulleres e tamén a reforzar prioritariamente a sensibilización e formación en igualdade e prevención da violencia de xénero.

A Sra. Uhía Patiño di que o seu grupo non ten ningún problema en engadir a emenda á súa moción. Que están de acordo e que de feito tiñan pensado, no apartado de rogos e preguntas, formular unha en relación ao acordo adoptado nun Pleno das actuacións a levar a cabo nos centros educativos en relación á violencia de xénero.

Ao estaren todos os grupos de acordo, inclúese a emenda do BNG na moción presentado polo grupo popular, polo que o voceiro do BNG dá as grazas.

Votación: unanimidade.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, ACORDA:

1. Instar ao Concello de Muros a ter en conta a perspectiva de xénero na elaboración dos orzamentos municipais do Concello, que permita analizar as actuacións que se van desenvolver desde unha perspectiva de xénero, prestando especial atención á situación das mulleres e dos homes en relación cos programas de gasto.

2. Instar á Xunta de Galicia, se así o precisa o Concello, a poñer a súa disposición, instrucións e/ou indicacións para ter en conta a perspectiva de xénero na elaboración dos orzamentos.

3.- Instar ao Concello de Muros a promover, a través do CIM, e colaborando coas ANPAS e os equipos directivos dos centros de ensino do concello, a creación dun programa de ACTIVIDADES POLA IGUALDADE que reforce o traballo educativo dos centros de ensino neste eido.

4.- Instar ao Concello de Muros a realizar, a través do CIM, ACTIVIDADES POLA IGUALDADE en todas as parroquias de forma continuada no tempo, que axude a concienciar a sociedade da necesidade de avanzar na igualdade real entre homes e mulleres, e poñer especial fincapé na concienciación sobre a violencia machista.

8.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dáse conta das resolucións da Alcaldía 868 ao 870 do ano 2015 e do 1 ao 46 de 2016, e das actas das Xuntas de Goberno Local número 1 do 08.01.2016, número 2 do 15.01.2016 e número 3 do 25.01.2016.

B .-Parte de control dos órganos de goberno.

9.- MOCIÓNS DE URXENCIA.

Non hai.

10.- ROGOS E PREGUNTAS.

A voceira do grupo popular fai os seguintes rogos e preguntas que presenta por escrito e dá lectura:

“-Hai un erro na denominación da acta do mes de outubro na web do Concello, que aparece como sesión organizativa, cando foi un pleno ordinario, polo que rogamos se proceda a corrixilo.

-En datas próximas remata o contrato de auga con Espina, fíxose algunha xestión ou hai algunha previsión ao respecto?

-Pódenos explicar como é o procedemento de concesión de vaos e que comprobacións se fan para outorgalos?

-Pódenos explicar cales son os reparos de Intervención á nómina do mes de xaneiro, levantados pola Alcaldía (Decreto 43) e por que non está publicada no BOP a prórroga do orzamento?

-A licenza que se outorga no decreto 46 correspondente a unha obra que foi paralizada no seu día e que tiña un mandato de reposición, se é a licenza para poñer as escaleiras como estaban antes da obra.

-A raíz das queixas que nos fan chegar empregados municipais en relación coa distribución do traballo do persoal de limpeza de edificios públicos presentamos o pasado día 17 un escrito solicitando información sobre ditos cambios, en particular copias das actas das reunións mantidas cos/coas representantes do persoal nas que se negociaron estes cambios. Cando poderemos ter dita documentación? Hai algunha reclamación dos/as traballadores/as?

-Puidemos ver en diversos medios que o Concello vai poñer un autobús para acudir a unha manifestación este sábado, queremos saber como se tramita e xustifica este gasto, e se se coordinou coa entidade convocante.

-Fíxose algún avance na reparación do camiño de Rebordiño ou segue valado?

-Por que non se cumpriu a programación de Entroido que vostedes mesmos aprobaron? Estaba anunciada unha carpa que non se puxo, e no que nos parece unha falta de consideración para o traballo das comparsas, o palco facía inviable ver os bailes e a megafonía apenas se escoitaba. Tamén nos gustaría saber qué criterios se seguiron para escoller o xurado.

-Teñen intención de traer novamente ao Pleno o Plan de Aforro e Investimento da Deputación, tendo en conta as propostas que se formularon polos outros grupos da corporación?

-Resulta grave o incumprimento reiterado dos acordos do Pleno, non se volveu dar conta aos grupos municipais da situación das obras da piscina, non hai nada que contar? Non nos volva a dicir que vostede non se fai responsable de que se traballe no tellado da piscina con mal tempo, porque para iso haberá un responsable de seguridade nas obras, que non creo que sexa vostede, en calquera caso se esperaron ata o mes de decembro para empezar a traballar era bastante probable que o tempo non acompañase, non lle parece? Segue sen dar unha data para a reapertura total das instalacións?

-Por último, un rogo, Sra. Alfonso, como supoño que farán todos os membros da Corporación, vimos aquí coa intención de que os acordos que adoptamos se executen, de que as propostas que contan co respaldo, unánime nalgúns casos e maioritario noutros, da Corporación, se leven a cabo, porque esa é a vontade da veciñanza expresada neste Pleno. Seguimos sen saber nada do orzamento do exercicio 2016, non sabemos nada da campaña Galega 100%, non sabemos nada de nada da rebaixa do IBI, nin das actuacións de prevención da violencia de xénero que se acordaron

levar a cabo nos centros educativos, tampouco do cemiterio da Atalaia ou das obras da piscina, e así como tantas e tantas cousas. Vostede goberna para todo o Concello, non só para o seu partido, e parécenos que se está esquecendo diso. Non debería vir ao Pleno con propostas que sabe que non van saír adiante, que só expresan o que quere o equipo de goberno sen ter en conta ao resto de membros da corporación, porque é unha perda de tempo e traballo para todos e todas, veciñanza, traballadores, funcionarios/as e concelleiros/as. Pensamos que debería retomar o diálogo e a negociación que dixo na súa toma de posesión que ían presidir o seu mandato se quere que este sexa frutífero para o noso concello e instámoslle a que así o faga. Nós pola nosa parte estamos por ese labor, e aí nos van atopar sempre.”

Contesta a Sra. alcaldesa:

-Que falarán coa persoa que leva a web para corrixir o erro no Pleno do mes de outubro.

- En relación ao contrato de Espina&Delfín, que están en reunións coa empresa e que tamén faláron co Concello de Carnota e non hai nada concretado. Que este mesmo luns volve haber unha reunión coa empresa.

-Que o procedemento para conceder vaos é o mesmo de antes, cando hai unha solicitude, a Policía Local fai un informe favorable ou desfavorable, segundo o cal se concede ou non.

-Sobre os reparos de Intervención, levantados no decreto 43, que poden vir a mirar ou se lle pasa copia dos reparos. E sobre que non está publicada no BOP a prórroga dos orzamentos, que o vai preguntar en Intervención.

-Sobre a licenza da obra das escaleiras, que había un proceso de reposición da legalidade que estaba caducado e que se abriu unha nova solicitude por parte da persoa que fai as obras, que había informes favorables de Secretaría e do técnico, e polo que se lle concedeu unha licenza de mantemento e conservación das escaleiras.

-Sobre as queixas dos/as empregados/as da limpeza, que efectivamente mandou por correo electrónico a solicitude dun informe e que está feito.

Dálle copia do informe á voceira do PP e aos demais grupos.

Explica que ao chegar a Alcaldía viron que había varios problemas no servizo de limpeza de edificios públicos e varias cuestións que resolver e acabaron optando por facer unha redistribución. E entre o criterios que se seguiron, o que se buscou foi que houbera máis igualdade na superficie que limpaba o persoal xa que había xente que limpaba cinco mil e pico metros á semana nun só local e pola contra había quen limpaba oito ou nove mil e pico en locais distintos. Que había moita diferenza entre uns empregados/as e outros/as. Que había outros problemas coa piscina municipal, que lles pareceu moi importante que a limpeza se fixera con regularidade, e que sempre había persoal temporal o que provocaba que houbera moitos cambios e que outro dos criterios era que polo menos, unha das persoas que estivera na piscina, fora cun contrato de máis tempo para que non houbera tantos cambios nesa instalación.

Continúa explicando que se tivo en conta o lugar de residencia dos/as traballadores/as para acurtar os desprazamentos do persoal de limpeza. Que houbo un empregado municipal que estivo medindo todos os espazos públicos, e en colaboración con dúas funcionarias, se fixo unha redistribución. Que os convocou a todos/as a unha reunión na que se lles deu un escrito cos espazos que tiñan que limpar, coa nova redistribución.

A voceira popular pregunta se non falou cos/coas representantes dos/as traballadores/as, ao que contesta a Sra. alcaldesa, que non. Que non sabe se debería telo feito pero que en todo caso o falará na próxima reunión que teñan. Que ten un escrito dun dos representantes posterior e que é un punto a tratar na próxima reunión.

Que tamén hai unha reclamación dun traballador que están estudando en Secretaría.

-Que efectivamente decidiron poñer un autobús para asistir á manifestación do sábado porque un dos motivos dela era solicitar a retirada do anteprojecto de acuicultura, e que no Pleno da Corporación se ten aprobado un acordo unánime solicitando a retirada do anteprojecto. Que é un problema que preocupa moito en Muros ao sector e que lles pareceu importante facilitar a asistencia a esa manifestación.

Que hai un par de días se anunciou por parte da conselleira do Mar a retirada deste anteprojecto, pero que a Federación Galega de Confrarías e a Plataforma Muros Noia, mantiñan a manifestación porque hai máis problemas, e que ao ser unha manifestación en prol do sector do mar e tendo en conta o que significa este sector para Muros, xa que afecta non só as persoas que viven directamente do mar senón tamén a todos os sectores, polo que decidiron manter o autobús que estaba contratado.

-Sobre o camiño de Rebordiño, contesta o Sr. Quintela, dicindo que están pendentes de que mellore o tempo para tirar un pouco máis a parede e poder amañala desde abaixo.

-Sobre a programación de Antroido, a Sra. alcaldesa explica que o Concello non anunciou nunca que foran a poñer unha carpa, que era con colaboración dun grupo de hostaleiros da vila e que finalmente non puideron.

A Sra. Monteagudo di que estaba na programación do Concello e a Sra. alcaldesa aclara que o Concello nunca fixo as xestións de aluguer dunha carpa, que era unha colaboración dun grupo de hostaleiros que, en principio ían poñer a carpa e facer actividades o venres e o sábado e que finalmente non puideron.

Con respecto ao palco, que decidiron poñelo baixo debido ao mal estado do palco alto e tiñan medo que ao ser tan numerosas as comparsas e ao teren que bailar, puidera haber un accidente. Que o pasado verán nalgún festival de baile tradicional viron que o palco alto bailaba moitísimo. Que foi por unha cuestión de seguridade polo que puxeron o palco baixo, mellor ca o alto.

En canto ao son, que non sabe, que o técnico tiña todo preparado pero que tivo problemas nese momento, e que oían ben os que estaban cerca pero os de máis lonxe non.

-Con respecto ao Plan de Aforro e Investimento, que se convocou unha Xunta de Portavoces porque o concelleiro de Facenda quería explicarlles o porqué da súa proposta para ver de chegar a un acordo. Que non houbo acordo para destinar todo o PAI á amortización de débeda e que entón están traballando para levar a cabo as propostas dos grupos para dedicar parte á amortización de débeda e parte ás obras. Que haberá Pleno para a súa aprobación.

-Con respecto á piscina dálle a palabra ao Sr. Quintela, e este explica que estivo cos operarios e lle comunicaron que ían traer os paneis a vindeira semana para empezar a colocalos e que esperaba que o tempo o permitira porque non fora a ser que o vento os tirara.

A Sra. Monteagudo pregunta se hai data de apertura ao que contesta a Sra. alcaldesa que non, pero que debe faltar pouco xa que van poñer pronto os paneis e que xa sacaron os canais.

-Con respecto ao último rogo do grupo popular a Sra. alcaldesa di que todos os asuntos a que se refiren, se está traballando neles: modificacións de ordenanzas, xunto coa do IBI, que a ver se se pode facer realidade. Que xa lles gustaría ter todo listo nos oito meses que levan no goberno pero que están traballando e esperan que pouco e pouco vaian saíndo.

O Grupo do PSdeG-PSOE fai os seguintes rogos e preguntas:

-Sobre as preguntas pendentes do último pleno se se van contestar.

A Sra. alcaldesa, que parece descoñecer que quedaran preguntas pendentes, dille á Sra. González que o mirará ao día seguinte e lle mandará as respostas por escrito antes do vindeiro pleno.

- Se lle van mandar tamén o permiso de Portos de San Pedro.

Dille a Sra. alcaldesa, que cando o teñan preparado, si. E pídelle á voceira socialista que faga todos as preguntas e que logo lle contesta.

-Manifesta que as queixas son as mesmas ca as do PP. E que é un exemplo claro do que está pasando no Concello de Muros, que menos o BNG que en vez de facer oposición fai oposición da oposición e están encantados co goberno municipal pero que eles están descontentos.

Que moitas das preguntas que fixo o Partido Popular son as mesmas que queren facer eles.

-Con respecto ao Entroido, que o que a Sra. alcaldesa dixo de que ían poñer unha carpa os hostaleiros e tamén pagar unha charanga, e que xa tiñan permiso de Portos, que todo foi fume, porque segundo manifestacións dos hostaleiros, esa non era a intención deles. E que entón non saben o que pasou.

Rógalle que a próxima vez que organice un evento, que por favor lle dedique un pouquiño de tempo porque o Entroido de Muros foi desastroso.

-Con respecto ao decreto 422 de contratación de socorristas, que tamén está sen contestar, que estaba sen publicar. Pregunta onde o publicaron.

A Sra. alcaldesa dille que trouxo información sobre ese proceso e a Sra. González insiste en saber onde o publicaron.

Contesta a Sra. alcaldesa que no taboleiro e na páxina web.

Insiste a Sra. González que na páxina non estivo.

(O voceiro do BNG pide que se siga o procedemento e que remate as preguntas).

Continúa cos rogos e preguntas a voceira socialista:

-Que o decreto 422 de contratación de socorristas está sen publicar. Que pediron hai seis meses unha copia desa publicación. Que se a ten lle agradecería que se lle pase.

-Que tamén lle agradece que lle pase o permiso de Portos, de San Pedro.

-Qué pasa cos contedores soterrados, que tamén está sen contestar.

-Que pasa coa luz, que onte non había luz no Curro da Praza, nin en Baño, nin nun montón de sitios. Que lle parece unha cousa seria.

-Que por fin se está podendo ou facendo unha media limpeza das árbores, cando xa están brotadas e queren ver o contrato porque o concelleiro de Obras dixera que o ían facer os operarios do Concello pouco e pouco e o está a facer unha empresa, nin viron nada publicado, nin saben canto custa.

-Pregunta canto custa a redacción do proxecto do POS, onde se licitou a contratación ou se se contratou directamente. Que supoñen debería estar nas Xuntas de Goberno anteriores e non viron nada.

-Seguen preguntando polo dos seguros Helvetia, que tamén está sen contestar.

-Que están esperando polo horario da Policía Local.

-Que segue esperando pola copia da gravación.

-Que tamén xa dixeran no último Pleno que nas probas de axuda a domicilio e condutores/as que segundo o artigo que aparecía nas bases había que publicalo ou no BOP ou no DOG e non están publicados. Que queren saber se se reparou e unha copia da publicación. Que está feita a selección e está sen publicar.

-Que as rúas de Muros seguen verdes e rogan que cando poidan lle pasen unha auga.

-Que queren facer constar a súa protesta por non poder contar coa nova concelleira que deberían estar hoxe alí nas súas bancadas e que cren que por falta, nos sabe se de coñecemento ou interese, se ven privados de que a súa nova concelleira estea alí sentada.

-Con respecto aos/ás traballadores/as da limpeza, no decreto número 39 hai 15 modificacións, entre elas, de lugares de traballo e de tempo. Que o representante de Comisión Obreiras, o día 2 de febreiro, hai máis de vinte días, presentou unha reclamación en nome dos/as traballadores/as polo que non hai unha única reclamación. E protesta por esas modificacións e pon de manifesto que o Estatuto de Traballadores di que para facer esas modificacións, cando se modifica o posto de traballo de máis de dez traballadores hai que xuntar aos/ás seus/súas representantes. Que non é que a Sra. alcaldesa non o saiba, é que non se fixo ningunha reunión. Que tamén o Partido Popular pregunta por esas actas. Que eles piden, o 2 de febreiro, que se convoque unha reunión, e ao ser posible nun prazo non superior a quince días. Que xa pasaron quince días e que a reunión non se convocou. Que queren saber cando se vai convocar esa reunión e por que non se convocou a mesa dos/as representantes dos/as traballadores/as.

-Con respecto á piscina, que di a Sra. alcaldesa que é moi sensible co tema da piscina, que a data que dou ao partido Socialista no Pleno da Corporación, era en Nadal. Que non vai preguntar pola data porque xa pasou. Pero que si se acordou que ía haber unha reunión informativa na Comisión de Urbanismo e que non se fixo ningunha. E que queren saber cando se van facer esas obras. Que o concelleiro de Obras di que os paneis son moi grandes e que o vento vai tirar os paneis e que se ese é o motivo que estaría España paralizada e en Galicia máis porque en Galicia chove moito e vai seguir chovendo. Que queren saber que pasa con esa obra e que tamén queren deixar de manifesto e facer constar que a perda que está a sufrir o Concello por esa paralización da piscina é inasumible. Que é motivo suficiente para que a Sra. alcaldesa presentara a dimisión porque senón é capaz de poñerlle un teito a unha piscina, mal pode gobernar un Concello.

Continúa dicindo que o problema dixeran que era o proxecto e consultado o proxecto na Deputación Provincial da Coruña, non se modificou, supoñen que se vai construír igual e que non entenden por que leva a piscina pechada oito meses. Que queren saber tamén cando se vai facer esa reunión informativa que acordaron no Pleno.

Remata dicindo que toda a veciñanza pide o mesmo, menos o Bloque.

-A Sra. alcaldesa dálle a todos os grupos a información sobre o proceso de contratación de socorristas, e explica que no anterior pleno a voceira socialista quixo dar a entender que había cousas raras e que aí ten a información que recolleu unha funcionaria. E que en calquera caso unha funcionaria estivera dedicando tempo a iso, o que se podía evitar, porque non tiña máis que solicitar ver o expediente e o tiña á súa disposición. Que se lle proporciona o expediente completo porque agora si, si poden ver os expedientes no Concello de Muros.

-Que sobre os colectores de lixo soterrados que xa lle contestou varias veces.

A Sra. González pregunta qué foi o que lle contestou e e a Sra. alcaldesa pide que non a interrompa.

-Que sobre a luz, que sabe polo concelleiro de Facenda, que onte na Tremenda houbo luces apagadas e que espera que xa as foran arranxar. Que foi algo puntual. Que si está habendo algún problema no casco coas de telexestión e pídelle ao concelleiro de Obras, o Sr. Quintela, que o explique.

O Sr. Quintela explica que comprobadas os puntos e as liñas polo funcionario electricista, que están ben. Que o funcionario cre que debe ser o aparello de telexestión o que está danado, polo que chamou á empresa e levaron o aparello a mirar.

-Con respecto ao contrato da poda de árbores, que se solicitou orzamento a tres empresas vinculadas ao Concello e que se lle adxudicou á que fixo unha oferta de menor prezo, que foi ADISBISMUR, e que lle pasan a documentación.

-En canto ao proxecto do POS, que o miran e lle dan a cifra exacta.

-En canto á copia da gravación, que si trae un pincho, que lla pasan. Di que calquera grupo pode tela e que, como saben, se pode ver en “youtuber” en calquera momento.

-Sobre a limpeza que xa dou a información e que xa comentou que había un escrito dun representante dos/as traballadores/as reclamando esta reunión e que estaba xa no punto do día da seguinte reunión que teñan, que xa houbo unhas tres neste mandato.

A Sra. González dille que non viron ningunha acta, ao que contesta a Sra. alcaldesa que ela xa non forma parte diso, pero que non ten ningún inconveniente en pasarlle as actas.

-En relación ao resto das preguntas, que xa lle contestarán, e que en relación á selección de axuda a domicilio e condutores/as que se lle pasará unha copia.

A Sra. González pide facer unha nova pregunta e a Sra. alcaldesa dille que rematou a súa quenda.

O grupo municipal do BNG fai os seguintes rogos e preguntas:

“- Como van as obras da Piscina Municipal? Por que non se convoca a Comisión informativa? Cando se reabrirá a piscina?

- Hai avances significativos nas conversas con Telefónica para dotar de ADSL ás parroquias de Abelleira e Torea?

-Está aberto un proceso de selección, do que resultará a selección dun ou dunha auxiliar administrativo/a. Resultará ademais unha lista de contratación do estilo de anteriores procesos de selección. Existen neste proceso novidades salientables como a supresión da entrevista persoal, a cal daba lugar a suspicacias de tratos de favor para uns/has aspirantes en detrimento doutros/as, feito polo que felicitamos ao goberno municipal. Porén, consideremos que os procesos deben cingirse a unhas bases de contratación xustas e normalizadas, e a poder ser, negociadas e acordadas entre todos os grupos, que eviten unha xestión discrecional das listas de contratación resultantes por parte do cargo político ou do/a funcionario/a do Concello encomendado/a para tal tarefa. Polo tanto, rogamos a creación dunha Comisión de Persoal que redacte unhas bases de contratación que homologuen todos os procesos, e que inclúan unha Comisión de Contratación encargada de axustar cada proceso ás bases homologadas, que vele pola súa aplicación durante o desenvolvemento destes, e que dea conta do resultado de cada proceso en base a criterios de igualdade, equidade, mérito e capacidade.

-O pasado sábado un veciño de Esteiro tivo que ser atendido na estrada. Foi atendido pola veciñanza e o tráfico tivo que ser dirixido polas persoas que se atopaban alí. Rogamos a creación dunha comisión integrada por todos os grupos políticos para procurar organizar a agrupación de Protección Civil en todas as parroquias cun mínimo de tres ou catro voluntarios en cada unha delas, os cales poden ser incentivados con puntos a ter en conta nos procesos de selección do Concello para o acceso aos traballos temporais, ou algunha outra medida.

-Rogamos que se chamen aos distintos grupos políticos para traballar sobre os orzamentos deste ano, do cal xa van alá dous meses e nada se sabe da súa elaboración.

-Rogamos que se senten as bases para recuperar o proxecto de creación dun viveiro de empresas, e se engada unha partida para este proxecto nos novos orzamentos.

-Rogamos que se engada tamén nos ditos orzamentos a colocación de bocas de rego nos núcleos veciñais aos que non ten acceso o servizo de extinción polo tamaño do camión, que permitan actuar rápido ante un posible incendio na temporada de verán, cuestión xa abordada no primeiro Pleno ordinario desta lexislatura, e que debería levarse a cabo antes de que comece a temporada de incendios.”

Contesta a Sra. alcaldesa:

-Dille que son todos rogos e que agradece especialmente o que se refire ás listas de contratación xa que están pensando en eliminar as entrevistas que lles parecen demasiado subxectivas. Que están traballando no cambio de bases e que a idea era recuperar aquelas de persoal temporal laboral que foran levadas a Pleno. Pero que ou ben se recuperan esas o se fan unhas novas.

Dálle a palabra ao concelleiro, o Sr. Uhía Martínez, para que conteste á pregunta sobre o ADSL.

-O Sr. Uhía Martínez explica que se reuniu con Movistar e con Orange, que Movistar lle dixo que o problema que ten o cable é que as parroquias de Abelleira e Torea están moi lonxe das dúas centraliñas que hai en Muros e en Esteiro e que ían formular unha oferta para un “router”. Que Orange xa formulou un “router 4G” e que o ían deixar en fase de proba á veciñanza que o solicitara.

A Sra. alcaldesa explica que tanto o Sr. Quintela como o Sr. Uhía están mirando ese asunto.

O voceiro do BNG pide que lle recorden a Telefónica que ten a obriga de dar ese servizo, máis alá do seu custo.

Non habendo máis asuntos que tratar, a Sra. alcaldesa dá por rematada a sesión do Pleno da Corporación sendo as vinte e dúas horas e corenta minutos. Dou fe.